

Órgano: **Audiencia Provincial**

Sede: **Coruña (A)**

Sección: **2**

Fecha: **16/12/2022**

Nº de Recurso:

Tipo de Resolución: **Sentencia**

AUDIENCIA PROVINCIAL DE A CORUÑA – SECCIÓN SEGUNDA

ILMO. Sr. PRESIDENTE DON ÁNGEL MARIA JUDEL PRIETO ILMOS. Sres. MAGISTRADOS DON MIGUEL ÁNGEL FILGUEIRA BOUZA DON XERMÁN VARELA CASTEJÓN- PONENTE

A Coruña, a 16 de decembro do 2022.

SENTENZA

Foi vista ante a Sección Segunda desta Audiencia Provincial a **causa instruída co número desta mesma Sección de Procedemento ordinario 27/2021**, procedente do Xulgado de Instrución núm. 2 de Noia e seguida nese xulgado polo trámite de **procedemento sumario coa numeración de Sumario 91/2005**, polo delito de agresión sexual contra:

- Porfirio, con DNI Num000, nado o NUM002 de 1976, representado pola procuradora Sara Pousa Oliveira e defendido pola avogada María Puente Pérez.

Foi parte acusadora o Ministerio Fiscal e acusación particular comparecida Paula que foi representada pola procuradora Susana Soria Pino e asistida polo letrado Jacob del Río Viñas.

Actuou como relator o maxistrado Xermán Varela Castejón.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Estas actuacións comezaron coa incoación das dilixencias previas de procedemento abreviado numeradas como **91/2005** do Xulgado Instrución nº 2 de Noia. Logo de se efectuaren as dilixencias procedentes, o Xulgado o 10 de agosto de 2005 acordou o sobresemento provisional das actuacións.

O 12 de marzo de 2018 o Xulgado de Instrución nº 2 de Noia acordou alzar o sobresemento provisional e abrir novamente as actuacións. Posteriormente acordou a transformación do procedemento en procedemento ordinario e, finalmente, concluíu o sumario logo do procesamento do agora acusado.

Recibidas as actuacións nesta Audiencia Provincial, tívose por concluída a instrución e acordouse a apertura de xuízo oral tras a petición das partes.

Segundo.- Os días 22, 23 e 24 de novembro de 2022 foi celebrada vista con práctica da proba proposta e admitida salvo aquela á que renunciaron as partes.

O Ministerio Fiscal e a acusación particular elevaron a definitivas as súas conclusións que solicitaban que o acusado fose condenado como autor dun delito de agresión sexual á pena de quince anos de prisión e, no caso da acusación particular, tamén ás prohibicións de achegamento e comunicación coa vítima dos feitos nos termos expresados no seu escrito. A defensa solicitou a libre absolución do acusado e, subsidiariamente, a apreciación de circunstancias atenuantes da súa responsabilidade. Tras conceder a última palabra ao acusado quedou o procedemento pendente desta sentenza.

FEITOS PROBADOS

Primeiro.- Que en xaneiro de 2005 Porfirio, nado o NUM002 de 1976, estaba casado con Constanza con quen tiña unha filla pequena e residían ambos no Direccion000 (Rianxo, A Coruña).

Paula é irmá de Constanza e naceron ambas o NUM003 de 1987 polo que en xaneiro do ano 2005 era menor de idade. Residía en Travesia000, DIRECCION002 (Catoira, Pontevedra) xunto con outra irmá, dous irmáns varóns e os seus pais. Estudaba no Instituto de XXX (Pontevedra).

Segundo.- O día 17 de xaneiro de 2005 Porfirio chamou por teléfono a Paula ás 07:52 e ás 07:56 da mañá.

Nesas chamadas Porfirio díxolle á súa cuñada que el quería devolverlle uns cartos ao pai dela e, xa na segunda, que estaba diante da casa dela en Catoira.

Unha vez que Paula se achegou ao coche de Porfirio, este convenceuna, aproveitándose da súa relación de parentesco, para que montase no coche aducindo que irían recoller ese diñeiro.

Porfirio chamou ás 7:58 a un compañeiro de traballo para advertir que chegaría tarde ese día pois debería comezar a xornada ás oito e media.

Terceiro.- Tras montar Paula no coche, Porfirio conduciu a gran velocidade ata o concello de Lousame (partido xudicial de Noia, provincia da Coruña). Alí foi ata o parque San Mamede onde se sitúa, dentro del, a capela de San Lourenzo nunha contorna forestal. Tal lugar é moi pouco frecuentado a esa hora nun día como o dos feitos.

Cuarto.- Unha vez nese lugar, tras intercambiar unhas palabras e facerse Porfirio co teléfono dela e gardalo, sacou un coitelo grande e exhibiullo a Paula á vez que llo pasaba a xeito de advertencia do seu posíbel uso porcerca do corpo.

Co coitelo sempre na man Porfirio díxolle á menor que lle realizase unha felación ao que ela se negou. Entón el dixo unha expresión semellante a *logo, fólote*, e requiriuna para que se espise. Unha vez espida a moza, el deulle un camisón para que ela o puxese, cousa que ela fixo. Acto seguido, Porfirio colocouse sobre ela no asento de copiloto e, mantendo o coitelo na man e cerca do corpo dela como ameaza, penetrouna vaxinalmente ata exacular.

Antes da penetración el sacou unha caixa de condóns e fixo algún comentario sobre eles, colleu un e a penetración executouna con el posto. Tamén lle referiu nalgún deses momentos que lle pasaba iso por ser unha *chivata*.

Tras exacular, Porfirio díxolle a Paula que se relatara a alguén o sucedido a mataría a ela, á súa irmá e á filla da irmá, que tamén era filla del, ademais de matarse el mesmo.

Quinto.- Tras iso Porfirio conduciu de novo ata a localidade de XXX onde deixou a Paula que acudiu ao seu instituto.

Porfirio conduciu entón ao seu traballo en XXX.

Sexto.- Como consecuencia de ter padecido estes feitos Paula padeceu cambios substanciais na súa vida cotiá con afeccións negativas nas súas relacións sociais, familiares, sexuais e afectivas. Tras o sobresemento provisional da causa no ano 2005 veuse sometida ao contacto con Porfirio en varios encontros familiares causándolle padecementos do mesmo tipo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- MOTIVACIÓN FÁCTICA.

1. Termos do debate.

1.1.- No presente proceso contrapuxéronse dúas hipóteses fácticas que son mutuamente excluíntes, de forma que dar unha por acreditada supón necesariamente rexeitar completamente a outra.

As acusacións, moi resumidamente, defenden que o día 17 de xaneiro de 2005 Porfirio chamou pola mañá, minutos antes das oito, a Paula e convenceuna para que montase no seu coche cunha escusa falsa. Levouna entón ao Direccion001 onde, dentro do coche, a agrediu sexualmente tras ameazala cun coitelo. Despois trasladouna ata as inmediacións do centro escolar onde a deixou despois das nove e media, e el marchou ao seu traballo en XXX.

A defensa afirma que ese día Porfirio si chamou a Paula pero non estivo en ningún momento con ela. O que afirma que fixo foi ir dende a súa casa ata o Direccion000 e alí permanecer ata, aproximadamente, as nove ou nove e cinco da mañá cando saíu directamente para o seu posto de traballo en XXX.

Son dúas versións que non teñen ningún punto en común. Só unha delas pode ser certa sen que, como sucede noutras ocasións, exista algún feito dese día recoñecido por ambas as partes ou dúas versións que maticen

aspectos dun relato central compartido. Unha das versións, polo tanto, é falsa e inventada de forma consciente por quen a defende.

1.2.- A hipótese que se debe someter en primeiro lugar a contraste coas probas practicadas no xuízo é a hipótese da acusación pois se esta non contase con elementos probatorios que permitan sostela xa non sería sequera preciso contrastar a posíbel hipótese da defensa. O estándar probatorio propio do dereito penal non se pode resolver coa fórmula da probabilidade preponderante, é dicir, non chega para ter por acreditada a versión da acusación que esa hipótese apareza como máis probábel que outra defendida no proceso. No proceso penal o estándar debe ser máis rigoroso. Habitualmente refírese que o esixíbel é que a hipótese sexa acreditada, segundo a fórmula clásica, máis aló de calquera dúbida razoábel. Agora ben, dotar de contido esa referencia non é doado e debemos fuxir de simples referencias a convencementos internos e subxectivos do xulgador. A proclamación do feito como probado debe ser resultado da análise dos medios de proba practicados e o contraste entre eles, de forma que un observador imparcial poida aceptar como razoábel a conclusión alcanzada. Esa conclusión debe fundarse nun estándar de proba entendido como o grao de confirmación que se debe esixir á proba practicada para poder optar pola condena da persoa acusada. Para afirmar tal cousa debe ser analizado o resultado da proba practicada e verificar se explica a hipótese acusatoria e se esa hipótese é coherente e explica os diversos elementos probatorios cos que se conta. Ademais, cabería engadir, se a hipótese require loxicamente a produción de determinados feitos, eses outros feitos deberían constar tamén acreditados. Por outro lado, ese mesmo resultado da actividade probatoria debe excluír as posíbeis hipóteses excluínentes da culpabilidade sendo refutadas as propostas pola defensa.

No presente caso, como veremos despois con máis detalle, a defensa en realidade presenta dúas liñas de oposición ás pretensións da acusación no referido ao debate sobre os feitos probados, se ben con afirmacións que pretende que validen ambas. Por un lado, pretende acreditar que a hipótese non está acreditada denunciando o que considera inconsistencias da proba en relación coa hipótese da acusación. Por outro lado, pretende acreditar a súa propia hipótese que actuaría como coartada no sentido de que, de ser certa esa hipótese defensiva, non puideron suceder os feitos denunciados.

2. Criterios xerais de valoración

2.1.- Existe un elemento extraprocesual que afecta a este caso. O aquí acusado resultou condenado previamente por un suceso moi grave que tivo unha importante repercusión mediática. O proceso que agora resolvemos tivo, e ten, unha certa repercusión semellante. É moi importante significar que este proceso só pode ter por obxecto o concreto feito polo que aquí e agora é acusado Porfirio. Que noutro proceso se declarase probado que cometeu, despois de 2005, outro feito do mesmo tipo non é proba de que cometese, anos antes, este do que se lle acusa agora. O dereito a un xuízo xusto implica entre outras cousas que non se xulgue a alguén máis que con fundamento nas probas practicadas no concreto proceso penal celebrado en relación con cada acusación. Non é só unha garantía das persoas acusadas senón da sociedade e das posíbeis vítimas que teñen dereito a saber que será condenada unha persoa só cando exista certa seguridade de que se condena a quen cometeu o feito sen acudir a expedientes que, satisfacendo outras pulsións, poidan fundarse, ou sexa máis probábel que se funden, nunha afirmación de feito errónea.

2.2.- No momento de valorar o resultado das probas practicadas debemos destacar un elemento relevante na valoración de todas elas. Os feitos dinse sucedidos no ano 2005 mentres que o xuízo se celebrou en 2022. Non é usual un período de tempo tan longo entre un momento e outro e iso afecta á valoración das probas practicadas no xuízo. É razoábel que o paso do tempo afecte á capacidade de memoria das persoas que declararon. A manifestación dunha persoa sobre un feito pasado sempre está mediatizada por diversos factores. Non é aceptábel a inxenua crenza de que o proceso de declaración sobre un feito vivido supón que o declarante simplemente activa a memoria e pasa a reproducir, exactamente, no seu relato o que viviu naquel momento anterior. É dicir, a memoria non funciona como unha sorte de gravación audiovisual do que se percibe nun momento, e o relato do pasado non é a simple reprodución desa ficticia gravación. O que se relata como recordado é produto de diversos factores. Xa no mesmo momento da percepción do feito (fixación do recordo) hai factores que inflúen no que é percibido. Non é posíbel percibir todos os datos aos que un é exposto, tampouco rexistrar todos os percibidos, a tendencia natural de toda persoa é completar inconscientemente os datos non percibidos dando sentido ao observado, e, só por mencionar algúns elementos relevantes, inflúe no percibido se se trata dun feito traumático ou non, se é un acontecemento repetido de vivencias anteriores ou vivido por primeira vez, ou, por ir a factores máis evidentes, se é noite ou día. Posteriormente, co paso do tempo a memoria por si mesma reelabora ese recordo que non permanece fiel ao percibido. Hai elementos que inflúen nesa reelaboración, tales como se o recordo é compartido (e por iso moi probabelmente reelaborado inconscientemente), como aflora de novo o relato (espontaneamente ou por ser preguntado por alguén) ou canto é repetido (co denominado efecto ancoraxe que confunde o recordado co xa relatado) e outras circunstancias. Por último, é relevante tamén o momento de prestación da declaración e as posíbeis

consecuencias que valore a persoa que declara que pode ter a súa declaración e a súa relación con esas consecuencias máis ou menos conscientes.

2.3.- Todos estes factores son sempre relevantes. Neste caso adquiren unha especial significación. Efectivamente, producíronse tres momentos relevantes no que ás probas persoais se refire. Nun primeiro momento, en 2005, declararon varias persoas sobre o que recordaban ter visto na mañá do día 17 de xaneiro. Nas súas declaracións era relevante o lugar onde viran algo (un coche) e a hora na que o viran. Naquel momento, como despois analizaremos, varias das persoas que declararon fixérono por terllo pedido a familia de Porfirio (veciño deles ou dalgúns deles). Partía a familia, e así o transmitía aos veciños aos que preguntaba, que o agora acusado fora obxecto dunha acusación falsa. As testemuñas eran preguntadas sobre un feito que no momento en que sucedeu non era para elas relevante. Concretamente, preguntábanlles se viran o coche dun veciño nun determinado momento e mentres as testemuñas realizaban accións cotiás nas que o coche non tiña importancia ningunha. Ademais, o feito polo que lles preguntaban podía ser, el mesmo, cotián ou repetitivo no sentido de que podía ser habitual que o coche do veciño estivera nesa zona incluso nesa franxa horaria noutros días. Posteriormente, ao reabrirse a causa no 2018, xa era público e notorio, sobre todo para a veciñanza do señor Porfirio, que este era acusado dun crime especialmente horribel. Esa circunstancia non cabe dúbida de que pode influír na posición que adopta quen pretende recordar, e en parecida posición se atopaban as persoas que declararon xa no xuízo oral. Todo iso obriga, con carácter xeral, a ser prudente na valoración das probas de carácter meramente persoal. Volveremos sobre isto ao analizar as probas persoais pero debemos advertir xa con carácter xeral sobre a fragilidade da posición na que se atopan.

2.4.- Especial relevancia teñen no que estamos analizando as referencias a horas concretas. É moi relevante, pois a valoración da hipóteses da acusación pasa, previamente, por verificar se houbo tempo material para que se producisen os desprazamentos en coche que esa hipótese afirma sucedidos. Só despois caberá analizar se, existindo ese tempo e polo tanto esa posibilidade, acreditouse no xuízo que efectivamente sucederon os feitos afirmados polas acusacións. Pero tamén, en segundo lugar, son relevantes dado que a defensa pretende acreditar momentos horarios nos que situar o acusado lonxe do lugar onde se supón que debería estar de ser certa a versión da acusación. Polo que viñemos explicando en referencia á prudencia na valoración de probas persoais, entendemos que é moi relevante partir como horas concretas só daquelas que podemos remitir a elementos obxectivos que non dependan só da percepción e o recordo dunha persoa.

Así teríamos dous momentos relevantes, pois marcan o inicio da secuencia e o seu fin. Un é o horario das chamadas producidas dende o teléfono do señor Porfirio ao de Paula, e outro o momento de cambio de clase na escola.

No referido ás chamadas realizadas constan no folio 208 que se produciron as seguintes dende o teléfono usado por Porfirio:

1. Ás 7:52:12 con duración de 46 segundos ao teléfono da vítima.
2. Ás 7:56:40 con duración de 18 segundo ao teléfono da vítima.
3. Ás 7:58:24 con duración de 15 segundos ao teléfono dun compañeiro de traballo.
4. Ás 9:48:43 enviou un SMS.

Dende ese momento non houbo ningún uso do teléfono ata as 14.27 en que se produce un novo envío de SMS.

No referido ao horario escolar, tanto Paula como a testemuña Camino manifestaron que aquela non acudiu á primeira hora lectiva e que ambas se xuntaron cando rematou esa primeira hora, despois de que a segunda saíra de clase e fora ata os baños do instituto onde a outra refuxiárase. En que momento se producía ese cambio de clase non se fixou con precisión pero só xogan dúas horas ou ás 9:45 ou ás 9:50 horas. Despois matizaremos os momentos temporais que se poden calcular a partir de aí (a tentativa de contacto telefónico tivo que ser anterior a ese momento, pois Camino refire recibila estando en clase, e o encontro é posterior pois ten que rematar a clase e desprazarse ata onde estaba a súa amiga).

En todo caso, por ser relevante para as seguintes análises quedaría fixado que os feitos sucedidos deberon suceder entre as 8:00 e, como moi tarde, as 9:45/9:50 do día 7 de xaneiro. Chama a atención xa agora que ese tempo coincida case exactamente co tempo no que non houbo uso ningún do teléfono por parte do acusado.

3. Probas que acreditan os feitos declarados probados.

3.1.- Os elementos de proba fundamentais atendidos para chegar a esa declaración de feitos probados son, en primeiro lugar, a declaración de Paula, en segundo lugar, a declaración de Camino e, en terceiro lugar, a declaración dos axentes que realizaron no 2005, acompañados pola denunciante e a súa nai, a inspección

ocular do lugar onde sucederon os feitos. Outros elementos veñen confirmar aspectos secundarios e reforzar a conclusión alcanzada.

3.2.- No referido á **declaración de Paula**, esta declarou no xuízo como sucederan os feitos. A súa descrición foi completa e clara en referencia a como ese día entrou en contacto con Porfirio, como foi levada ata San Mamede, como sucederon alí os feitos e como despois a deixou nas proximidades do centro escolar. Así, no xuízo manifestou que ese día saíu de casa coa intención de acudir ao instituto. Chegaba ao instituto nun bus pero, para chegar á parada onde subía a ese bus, un veciño que traballaba como condutor doutra liña levábaa dende as proximidades da súa casa ata esa outra parada onde ela xa agardaba por aquela liña que remataba no centro escolar. Ese día a súa intención inicial era facer iso. Cando ía camiño dese encontro recibiu a chamada do seu cuñado que lle dixo que non collese o autobús, que el quería darlle a ela vinte euros para o seu pai. Ela volveu para fronte á súa casa e recibiu unha segunda chamada do seu cuñado que lle dixo que xa estaba alí. Achegouse ao coche e o seu cuñado díxolle que subise para ir sacar ese diñeiro. Entón, explicou no xuízo, xa no coche foron dende a súa casa, en Catoira, ata Rianxo onde el parou un momento e baixou. Manifestou que descoñecía que fixera el nese momento, un par de minutos, que estivo fóra do coche pero que ao regresar ao coche el xa se dirixiu nunha dirección distinta á que a levaría ao seu instituto. Explicou que ela non recordaba o camiño e só podía dicir que pasaran por Ponte Beluso e que vira un cartel que puña San Lourenzo. Tras iso parou cerca dunha capela e foi alí onde, afirma, a violou. Nese momento do relato expresou que *cando pasou o que tiña que pasar* levouna ao instituto. Dixo que ao instituto xa chegou cando estaban na primeira hora lectiva á que ela non entrou e quedou cunha amiga ata que marchou para casa. Xa na casa, cando chegou, contoullo á súa Socorro e foi esta irmá a que lle insistiu en contarllelo aos pais pois ela non quería. Tras ese primeiro relato o Ministerio Fiscal tivo que pedir que expresase o sucedido no momento da agresión. Explicou no xuízo que o seu cuñado pechou o coche e ela non podía saír, colleulle o teléfono e, tras mirar unhas fotos, gardouno el na porta. Continúa o relato afirmando que entón el sacou un coitelo ou navalla e a ameazou esixíndolle que se espise. Mentres, el pasoulle o coitelo polo corpo, referindo concretamente como o fixo pola gorxa. Foi aí, segundo explicou no xuízo, que el lle dixo que lle realizase unha felación (*que se la chupara*) pero ela negouse e entón dixo que *entonces me follaba* e que el falou dos condóns e puxo un. Antes de pórse el enriba dela no asento de copiloto referiu que *me hizo poner un camisón*. Tras pór ela esa prenda, el, sempre co coitelo na man e cerca do corpo dela, situouse sobre ela no asento de copiloto e penetrouna vaxinalmente. Despois de exacular el teríalle referido que iso lle pasou por *chivata* e que non podía dicirllo a ninguén pois se o facía el a mataría a ela, á súa irmá e á filla del e da súa irmá para acabar matándose el. Volvendo ao que sucedeu despois do feito, afirmou que a deixou nunha rúa próxima ao seu instituto, concretamente onde hai un campo de fútbol, dende onde foi andando ata o instituto. Entón ela acudiu ao baño e chamou a súa amiga a quen mandou SMS ata que quedaron, dixo despois que cría recordar que a clase remataba ás dez menos dez da mañá. Explicou que lle contou o sucedido á súa amiga e despois pasaron a mañá fóra do instituto. Explicou, a preguntas da acusación, que a última vez que ela tivera o teléfono con ela eran as oito e media da mañá. Tamén aclarou a preguntas desa parte que cando ela chega xunto o seu cuñado este falaba por teléfono. A defensa cuestionoulle por que non dixera na primeira declaración nada desa parada e explicou que onde non parou nunca foi no Dirección000, que foi en dirección contraria á que tiña que levar para ir ao instituto.

3.3.- Enlaza temporalmente con esa declaración o **manifestado por Camino**. Na súa declaración no xuízo oral foi especialmente descritiva sobre como se atopou á que era entón unha boa amiga. Concretamente explicou que estaba no baño do centro escolar, sentada no chan, dobrada sobre si mesma e chorando. Explicou que entón ao achegarse a ela, Paula relatoulle que fora violada polo seu cuñado e explicoullo mentres choraba e, de forma sucesiva, abrazábase a ela procurando amparo. Explicou que estaba moi nerviosa e lle custaba articular palabra e que lle tremían as mans. Afirmou que estaba moi afectada e que pasaron o día xa fóra do instituto ata que Paula marchou para a casa. Solicitouse á testemuña que relatase o que lle contou naquel momento e manifestou que lle dixo que ía coller o bus e que fora o seu cuñado e que lle dixo que tiña preparado algo para o pai e que ela accedeu e que a levou a un sitio e a forzou e ameazou. Tamén relatou outros feitos que, polo que despois veremos, son relevantes. Por un lado, que ela contaba, pois así quedarán, que Paula acudiría no bus da mañá pero que non foi así e non estivo na primeira clase dese día. Por outro lado, explicou que recibiu varias chamadas insistentes ao seu teléfono antes de que rematase a primeira hora de clase, que non podía precisar se remataba ás nove e corenta e cinco ou ás nove e cincuenta.

3.4.- A esas dúas manifestacións debemos sumar as realizadas polos **dous axentes da Garda Civil** que o día 18 de xaneiro, ao día seguinte dos feitos, acudiron a realizar a inspección ocular do lugar referido na denuncia. Ambos explicaron que Paula descoñecía como chegar ao lugar e que tiveron que preguntar a outras persoas pois Paula só daba referencias vagas e lembraba o camiño ata alí dunha forma confusa. Tal nebulosa coinciden ambos en que manifestamente se disipa cando chegan ás proximidades xa de San Mamede. Entón, explican, Paula identifica xa un cartel que di que está segura que observou o día antes e vai anunciando o que se van

atopar, pasando a ter claras as referencias dos puntos dese lugar onde sucederan os feitos (onde aparcara o coche, como marcharan e como, antes de facelo, tirara e onde o preservativo empregado).

3.5.- A lectura conxunta destes tres elementos, xunto a outras valoracións que iremos desenvolvendo despois, é o que é fundamento principal da declaración de feitos probados.

Debemos diferenciar dúas situacións que non son idénticas. Unha é o suposto no que na valoración a única proba coa que se conta sexa a declaración da persoa que se afirma vítima dun feito delituoso. Outra diferente é cando esa declaración é unha proba xunto a outras máis que apuntan na mesma dirección. Estamos neste último caso pois non se trata de que só se conte coa declaración da persoa que se pretende vítima, senón que constan máis elementos de proba que son valorados xunto a esa declaración. Os máis relevantes son os dous que acabamos de indicar pero xunto a eles existen algúns outros que despois analizaremos.

Está completamente consolidada a doutrina que advirte que a declaración de quen afirma a acusación que foi vítima dun feito, e que tamén pode ser denunciante dese feito, é un elemento de proba válido. Válido quere dicir que pode ser valorado. Iso si, debe ser valorado con cautela. Son tres os elementos que a xurisprudencia ten destacado como de necesaria análise antes incluso de entrar propiamente a valorar o peso probatorio que poida ter. É importante significar que non se trata de requisitos da validez da declaración de forma tal que a ausencia dalgún deles esixa excluír ese medio probatorio. E tamén que non se trata de criterios de suficiencia probatoria e que no caso de concorreren permitan ter, sen máis análise, por probado o relatado. Fronte a esas dúas visións, os elementos que a xurisprudencia ten decantado son unha análise mínima das circunstancias da declaración que deben influír de forma notábel na valoración do concreto medio de proba que, en certo sentido, é posterior a esa análise.

Pola súa coñecida reiteración só mencionamos como exemplo desta doutrina o manifestado na Sentenza do Tribunal Supremo de 7 de novembro de 2022 (ROJ STS 4037/2022):

Y para verificar la estructura racional del proceso valorativo de la declaración testimonial de la víctima, esta Sala tiene establecidos unos parámetros que, sin ser cada uno de ellos una exigencia axiomática para la validez del testimonio, sí facilitan que la verosimilitud responda a criterios lógicos y racionales, con elusión de posicionamientos internos o intuitivos del Juez. Estos parámetros consisten en el análisis del testimonio desde la perspectiva de su credibilidad subjetiva, de su credibilidad objetiva y de la persistencia en la incriminación. La credibilidad subjetiva se refleja por una aptitud física del testigo para percibir lo que relata cuando entra en confluencia con el plano psíquico, en el sentido de carecer el testigo de móviles espurios que debiliten la credibilidad de su versión. La credibilidad objetiva o verosimilitud de su testimonio, según pautas jurisprudenciales ya muy reiteradas, debe estar basada en la lógica de la declaración (coherencia interna), con el suplementario y relevante apoyo de datos objetivos que corroboren periféricamente la versión sustentada en el relato (coherencia externa). Por último, la persistencia en la incriminación, presta su eficacia analítica desde la evidencia de que los hechos vividos son únicos e inmutables, de modo que su descripción en sucesivas declaraciones, no solo debe estar despojada de modificaciones esenciales, sino que debe ser concreta, eludir vaguedades o generalidades, estar ausente de contradicciones, y ofrecer una conexión lógica con las versiones ofrecidas con anterioridad.

Obviamente estos criterios son una guía para un análisis racional del fuste o de la solidez del testimonio, pero no constituyen un patrón inmutable y preciso desde el que extraer siempre su validez o suficiencia. E indicamos con frecuencia, como en la STS 677/2022, de 4 de julio que "La deficiencia en uno de los parámetros no invalida la declaración y puede compensarse con un reforzamiento en otro, pero cuando la declaración constituye la única prueba de cargo, una deficiente superación de los tres parámetros de contraste impide que la declaración inculpatória pueda ser apta por sí misma para desvirtuar la presunción de inocencia".

3.6.- Comezamos a análise polo que se ten denominado como **credibilidade subxectiva**. Non se observou na denunciante ningún indicio sequer mínimo de afeccións nin psicolóxicas nin sensoriais que lle impidan declarar. Nese sentido maniféstanse todos os peritos que informaron. En canto á posíbel motivación é certo que foi obxecto de debate se existía ou non unha mala relación previa co acusado. A defensa sostivo no seu escrito de defensa que o motivo da denuncia era romper o matrimonio entre o denunciado e a súa irmá. Ademais referiuse que houbera algún tipo de incidente previo, cuxo alcance varía en cada versión, entre a denunciante e o acusado. Non contamos con proba suficiente sobre o exacto alcance deses incidentes previos en 2004. No xuízo o propio acusado só relatou que tiñan unha relación tensa por comentarios que, segundo el, fixera a súa cuñada antes desa data sendo confuso sobre o momento no que soubo o contido deses comentarios. En todo caso, que se producise tal tipo de incidente (quer que se producise, quer que así o percibise ou contase Paula) non permite concluír que ela tivese unha motivación tan forte como para fabular completamente unha agresión sexual como a descrita. O acusado recoñece que á primeira hora do día 17 de xaneiro fixo as chamadas que constan acreditadas, de feito menciónaaas por primeira vez logo de seren

documentadas. No xuízo dixo non lembrar se cando chamou foi a Paula ou á outra irmá pero si que era para preguntar por onde estaba o seu sogro. Que puidese chamar a esa hora da mañá con tal intención apunta a que a relación si existía e non se identificou motivo para apoiar unha animadversión do calibre necesario para soste unha denuncia completamente falsa.

Ademais, nesta perspectiva é importante que Camino declare que inicialmente Paula non quería relatárllelo aos seus pais. No mesmo sentido declarou a súa Socorro no xuízo. É máis, o informe forense emitido en 2005 refire que ela manifestou que non quería contar nada inicialmente por medo. Respecto a esa actitude para coa persecución penal do feito volven facer referencia as autoras do informe do Imelga que indican que, xa no 2018, ela non mostra vontade de que continúe o proceso, plasmando nese informe: *que no era su deseo la reapertura del procedimiento y que habría aceptado participar en él al entender la relevancia de hacerlo*. É dicir, o que traslada Paula cando é menor no 2005 e tamén despois sendo maior no 2018 é que non alberga unha vontade vingativa. É certo que así podería ser por outros motivos pero tamén que é un dato relevante en canto á análise das posibles intencións que apoiasen a versión de que estamos ante unha versión inventada ou fabulada pola denunciante.

3.7.- En segundo lugar, entendemos que estamos ante **un relato (internamente) coherente**. O que relatou a denunciante non ten ningunha quebra lóxica ou coas regras da experiencia que impida a súa valoración. Deixamos para despois a análise da denominada, na sentenza do Tribunal Supremo referida, coherencia externa en canto entendemos que primeiro debemos examinar os elementos que permiten, ou mellor expresado apoian, o uso da declaración como medio de proba para, despois, contrastar se esa versión conta con elementos que a corroboren. Neste caso, o relato da denunciante traslada unha sucesión de feitos que, hipoteticamente, poderían ter sucedido sen caer en afirmacións ou descricións que fagan rexeitábel a propia posibilidade do que manifesta.

3.8.- Por último, estamos ante **un relato persistente**. Aínda que este sexa con carácter xeral un requisito de limitado alcance por diversos motivos que non é preciso analizar agora, podemos afirmar no caso que nos ocupa que a denunciante sostivo de forma continuada a mesma versión dos feitos. No presente caso, a primeira declaración de Paula prodúcese o día 18 de xaneiro de 2005 no xulgado de instrución ao tempo de presentar denuncia acompañada da súa nai por ser ela menor. A seguinte declaración produciuse o día 30 de marzo de 2005 no xulgado que tramitaba entón a instrución. Finalmente temos a declaración no xuízo oral. Ademais diso, como veremos, está o manifestado ante os peritos que a examinaron e ante outras persoas.

Antes do xuízo oral produciuse unha toma de declaración ante a Fiscalía de Ribeira o 29 de xaneiro de 2018. Esa declaración foi tomada exclusivamente pola representante do Ministerio Fiscal sen presenza da defensa. Tal forma de actuar merece unha crítica pois sobre os feitos aos que se refería a declaración existía un proceso penal no que constaba unha persoa investigada. Ese proceso estaba sobresido provisionalmente pero era evidente que o seu obxecto era precisamente os feitos sobre os que versaba esa declaración en Fiscalía. Tal proceder é pouco respectuoso co establecido no artigo 773 da LACrim no seu último inciso. Tal dato xunto coa ausencia de presenza da defensa inhabilita esa declaración como obxecto a valorar neste momento en apoio das teses da acusación.

Centrándonos, polo manifestado, nas declaracións xudiciais si se observa que o relato é mantido no substancial nunha e outra. Que existan imprecisións secundarias entre un momento e outro é algo lóxico por diversos motivos. En primeiro lugar, a primeira declaración é realizada por Paula cando contaba con 17 anos de idade e estaba, acompañada da súa nai, declarando sobre un feito relativo a un acto sexual e no día seguinte a sucederen os feitos. Nese momento é comprensíbel que tanto o que a memoria fixaba como relevante, como o que se desexaba relatar, era o feito en si da agresión. Nin a memoria estaba centrada noutros datos periféricos referidos a momentos ou lugares previos ou posteriores ao da agresión, nin era transmitir eses datos o que máis podía pesar na persoa que declaraba. É máis, tampouco parece que nese momento fosen eses os datos que atraían a atención de quen preguntaba e debía recoller a declaración. Hai datos cuxa relevancia aparece posteriormente ben para contrastar con outras fontes de proba ou ben para contradicir a versión exculpatória. É razoábel por iso que existan imprecisións entre as primeiras declaracións e a do xuízo oral, con maior motivo cando entre un e outro momento pasan máis de 17 anos.

Aínda non sendo unha declaración xudicial, como referencia podemos indicar que na noite do día 17 ao 18 de xaneiro cando é atendida polos servizos médicos tras denunciar os feitos consta que *Refiere haber sufrido esta mañana (8-9 h) agresión sexual por parte de su cuñado con penetración vaginal, con uso de preservativo y armado con cuchillo por lo que no opuso resistencia*. É relevante que dende ese primeiro momento sinala o mesmo tramo horario cando non consta que puidese saber nada do que fixera o seu cuñado ese día. Tamén dende ese momento consta que refire o uso de preservativo e coitelo.

Tamén contamos con informe emitido polo médico forense tras examinar a denunciante o 30 de marzo de 2005. Ese informe contén unha descrición detallada do que a el relatou a denunciante. Certamente non se pode ter por si mesma como unha fonte de proba pero si atender ao que aí manifestou para os efectos de observar se se producen variacións ou cambios substanciais no relato ou, pola contra, persiste nas súas liñas básicas incluso sen saber as dilixencias de proba que se podían ter realizado naquel momento. O contido do informe colócanos neste último suposto. O informe, cunha precisión loábel e respectando ademais o idioma no que se expresaba a paciente (posición por desgraza pouco frecuente e de relevancia para poder interpretar o que pretendía transmitir) escribía o seguinte:

En relación con los hechos, la paciente refiere que el 17 de enero del 2005, el marido de su hermana (Porfirio) le llamó sobre las 07:45 horas a su móvil. Según manifiesta, no era frecuente que éste le llamara a su móvil o por la mañana, afirmando que solía llamar a su hermana mayor si su hermana gemela (Constanza) quería algo. Según relata, él le pidió que la acompañase para ir al banco y darle un dinero que le debían él y la hermana a su padre (refiere que posteriormente supo que su hermana Constanza le había pedido dinero al padre, por medio de su hermana mayor, "meu pai lle dixo que por última vez e miña irmán Constanza non llos quixo, pero eso o souben despois"). Al preguntarle que pensó en esos momentos sobre la posible deuda, la paciente refiere "será verdad, si xa lle deberá e tal". Se le preguntó sobre su reacción al ver que no iban al banco, afirmando "pensei que era para perder clase, e a min tampouco me apetecía", "tamén me dixo que chegaríamos a tempo para as clases" (la paciente relata haber faltado ocasionalmente a las clases, mientras en la consulta mira hacia su madre). Manifiesta haber ido a un terreno delante de una capilla, a la que habían ido una anterior vez, dedicándose a hablar ("unha capilla no medio do monte"). El 17 de enero, tras llegar, comenzaron a hablar. Posteriormente afirma que el acusado le mostró una navaja, amenazándola e indicándole que se pusiese un camisón que llevaba en el coche (relata no haber visto el camisón con anterioridad, desconociendo si era de su hermana, añadiendo "aún no era día" por lo que no lo vio bien). Describe el camisón como de tirantes, con bordados recomendó la región esternal, azul agua marina, hasta la rodilla aproximadamente. Al preguntársele por la interpretación que le dio al camisón, refiere "é que non o entendo", afirmando no haberle buscado ninguna explicación. Refiere que le dijo que era por haberse "chivado" a su hermana de una anterior ocasión en que él le había tocado el pecho. Según relata, tras ponerse el camisón el sacó una caja de preservativos, poniéndose uno, llegando a penetrarla, manteniendo relaciones sexuales, tras lo que tiró en el lugar de los hechos el preservativo y la caja. La paciente manifiesta no haberse resistido, ante el miedo por la navaja mostrada y el lugar en el que estaban. Posteriormente se vistió y marcharon del lugar, dejándola cerca de su Instituto. Según relata, al abandonar el lugar de la capilla, observó que había un coche en la carretera que salía de la misma. Manifiesta no haber ido a clase, llamando a una amiga y conversando con ella durante la mañana. Relata haber vuelto a casa al mediodía, no diciendo nada "por medo". Sobre las 19-20:00 horas llegó su hermana mayor de trabajar, comenzando a hablar (según relata, Socorro le contó una supuesta llamada el fin de semana del acusado a una prima, contándole la paciente lo que le había pasado ese día).

Queda claro que tamén nese caso Paula referiu, como nas anteriores, todos os elementos substanciais da súa declaración que non variaron en ningún momento. Dende a chamada a primeira hora e a estrañeza pola súa produción, ata como se desenvolveu a agresión ou os momentos posteriores.

En fin, os elementos esenciais dos feitos que se denunciaron son que ás oito da mañá foi recollida polo seu cuñado, que el a levou en coche ao parque de San Mamede, que alí a ameazou cun coitelo, que lle requiriu que lle realizase unha felación e, ao negarse, díxolle que a *follaría* procedendo a executar esa agresión servido da ameaza do coitelo. Igualmente repite elementos como o referido a que a fixo espir e vestir un camisón, así como que empregou un preservativo que sacou dunha caixa de tres. Despois diso deixouna no instituto. Todos eses elementos permanecen en todas as ocasións en que foi chamada a declarar.

Ao anterior teremos que sumar, dotando de maior apoio aínda a declaración de Paula, o que despois diremos respecto ao que ela relata nese mesmo día a unha amiga e á súa irmá.

A defensa negou que a versión dada fose persistente e denunciou o que entende como variacións substanciais nas versións dadas. Non compartimos esa pretensión defensiva. A principal diferenza denunciada é a referida a se antes de chegar ao parque houbo algunha parada ou non no traxecto. No xuízo oral Paula manifestou que tras saír de Catoira, o acusado parou en Rianxo onde baixou e estivo uns minutos fóra sen saber que fixo. A defensa sostén que en instrución non tería manifestado nada sobre esa parada. En primeiro lugar, tal suposta contradición non se referiría aos elementos fundamentais dos feitos senón a un dato periférico anterior. Cousa diversa sería a posíbel transcendencia a outros efectos desas alegacións da defensa. Tal transcendencia podería afectar á valoración probatoria en canto determine se é posíbel que se producisen todos os feitos denunciados nos espazos de tempo referidos. E tamén poderá afectar á valoración da hipótese defensiva que pretende actuar como coartada. Sobre iso volveremos despois. No que agora interesa, analizamos se existiu persistencia na versión dada pola denunciante e rexeitamos que non se dese. No momento da denuncia nada

se manifesta sobre se houbo algunha parada do vehículo en Rianxo. O que se lle preguntou naquel momento é se realizaran a xestión que supostamente ían facer (retirar cartos para entregarllos) e manifesta que non. Na seguinte frase o que refire é *Acto seguido su cuñado cogió la vía rápida que va hacia Ribeira y se desvió hacia una capilla que queda a la altura de Boiro*. Tal frase é recollida por quen expedira a acta pero non parece que fosen as palabras exactas de Paula por estar moi afastada das súas formas de expresión que son reflectidas noutros momentos da causa. Na acta da declaración esa frase é escrita comezando coa referencia *acto seguido* pero sen especificar seguido a que. A expresión non permite concluír que se estea negando expresamente que se producira algunha parada do coche entre Catoira e o parque de San Mamede. De feito parece que se quería manifestar que foron cara a Ribeira despois de non realizar a xestión bancaria, que ademais ela esperaba que se producise no Dirección000, xa fose tras parar para outra cousa diferente a esa xestión ou non. É importante indicar que a acta dunha denuncia tomada en instrución non se pode analizar reclamándolle que sexa un relato completo e detallado do sucedido. O momento e a forma de toma desa declaración é instrumental a outros fins e está mediatizada por quen nese momento indaga. Así, neste caso, o relevante naquel momento era que se denunciaba que fora enganada sobre o motivo polo que ela accedeu a subir ao coche, e non o era se houbo unha breve parada no camiño. Na declaración que se produciu en marzo do 2005 o que manifestou a denunciante, aínda menor, foi *Después de esto se fueron hasta Rianxo y en vez de parar en Rianxo, siguió camino. El imputado en vez de parar en Rianxo siguió por la Carretera000. La llevó a un parque donde había una capilla, no sabe muy bien el nombre, cree que San Lorenzo o San Mamé. Al no parar en Rianxo la declarante cree que Porfirio quería que perdiera clase, por lo que la declarante no le dijo nada*. Nasas frases, sen ter acceso ao realmente declarado senón ao reflectido, e sen que telo agora variase a necesidade dunha valoración centrada no xuízo oral, non interpretamos o mesmo que a defensa. Como acabamos de referir respecto do momento de interposición da denuncia, hai que destacar que o relevante desa declaración, para quen a tomaba e plasmaba en acta e para quen declaraba, era o referido á execución do feito e non outros datos. Se se le a declaración ao que se está a referir a declarante naquel momento é a que non se realizou a xestión que se dixo que ía realizar, é dicir, que non se sacou diñeiro. É máis, no xuízo referiu que entendía que esa xestión sería realizada no Dirección000 e aí sempre negou ter parado ese día. De aí que o verbo *parar* aí refire o que non se fixo que é acudir a realizar a xestión e non nega nin afirma que se detivese uns minutos a marcha do vehículo. Non estamos valorando o resultado dunha proba no que as diversas posibilidades interpretativas deban ser resultas en favor do acusado. O que se está a analizar é se o texto transcrito permite deducir, como pretende a defensa, unha contradición ou non. Neste caso a conclusión é que non. E ademais, como tamén indicamos antes, só iría referida a un aspecto secundario e non ao relevante do relato en canto aos elementos típicos que non se verían influenciados por este debate.

3.9.- Entendemos, pois, que a declaración de Paula cumpre con eses criterios orientativos dados pola xurisprudencia que antes referimos. A partir desas premisas, analizada a proba practicada, hai dous elementos máis que apoian sustentar o relato de feitos probados tendo como proba principal o manifestado pola denunciante como son que se trata dun relato non refutado e si confirmado polas outras probas.

3.10.- Os diversos elementos do relato da denunciante **non foron refutados** por ningún outro medio de proba. Neste momento analizamos os elementos de proba que se dirixen directamente a negar afirmacións do relato da denunciante deixando para un momento posterior a análise de posibles elementos de proba que apoien a hipótese da defensa que, xa adiantamos, non concorren.

Neste sentido na instrución houbo un elemento que se valorou que refutaba o declarado por Paula, cal é que se entendeu que ela manifestara que ese día non circulara o bus que chegaba ata o instituto onde ela cursaba estudos. O bus que a deixaba no instituto, efectivamente si circulou aquel día. O problema residiu en non recoller de forma axeitada a que se refería a denunciante ou non contrastalo durante a instrución de 2005 posteriormente con ela ante o resultado doutras dilixencias. Así, na declaración tomada en marzo de 2005 Paula manifestou que non collera o bus *por que el conductor no iba ese día por la mañana*. Esa referencia non era ao condutor da liña que chegaba ao instituto, senón a un veciño que a levaba ata unha parada onde ela collía ese outro bus. Tal dato quedou aclarado coa declaración no xuízo de Jon que era ese condutor que en ocasións facía ese traslado e que explicou que el, condutor dunha liña, tanto á denunciante como a outros mozos da zona achegábaos nalgunhas ocasións ata outra parada onde collían outro bus para os centros escolares. Por outro lado, a declaración de Camino veu confirmar que ese día, por telo falado con ela, contaba con que Paula acudiría en bus ao instituto e que non foi así polo que Camino pensou que acudira co seu pai.

A defensa, como veremos despois, pretende que o relato da denunciante non podería ser asumido pois, afirma, non tería dado tempo a que se producisen os desprazamentos en coche que son descritos nese relato. Tal alegación podería comprenderse como crítica á coherencia interna do relato da denunciante pois negaría que os feitos puidesen suceder tal e como ela afirma. Preferimos analizalos aquí, ao tempo que analizamos as refutacións pretendidas pola defensa, pois non se trata de criticar a coherencia interna do relato senón que para que a alegación sexa asumíbel previamente deben proclamarse acreditados dous feitos (ou cando menos

un deles): por un lado que o acusado estaba nun determinado lugar nunha determinada hora, e, por outro lado, que o traslado dun punto a outro debe levar un determinado tempo. En ambos os aspectos entendemos que é inoperante a refutación realizada pola defensa.

Foi practicada proba en relación co tempo que podía levar o traslado dun punto a outro dos diversos mencionados no relato da denunciante. En concreto consta informe asinado polo sarxento comandante de posto que explicaba que:

Desde el parque de San Mamede a la entrada de Asados (Rianxo), a una velocidad normal se tarda unos 14 minutos en recorrer los trece kilómetros cuatrocientos metros que distan entre ambos lugares.

Desde dicho parque de San Mamede al centro de la localidad de Asados (Rianxo), siempre a una velocidad moderada, se tarda unos 16 minutos en recorrer los quince kilómetros cien metros que separan ambos lugares.

Posteriormente foi emitido un novo informe con máis datos tras realizar as viaxes correspondentes os gardas civís NUM004 e NUM005. Esas viaxes de comprobación foron realizadas na mañá do 14 de abril de 2005 *en condiciones de tráfico normales y respetando en todo momento las limitaciones de velocidad genéricas y específicas de las diversas carreteras*. Foron usadas dúas rutas diversas pois manifestaron os axentes descoñecer a usada, pero advertían *la primera de ellas totalmente por carreteras ordinarias y la segunda utilizando tramos de la Vía Rápida (VRG 11), sin descartar posibles alternativas menos habituales, así mismo tampoco se especifica cual de los tres Institutos existentes en Vilagarcia sería objeto de medición, por lo cual se realizó la misma hasta la entrada de la ciudad*. O resultado foi:

PRIMERA RUTA:

ASADOS-CATOIRA (Por la CP 3301): 16.8 Kilómetros, 18 minutos

CATOIRA-SAN LOURENZO (Por la CP 3301): 28.9 Kilómetros, 34 minutos.

SAN LOURENZO-VILAGARCIA (Por la CP 3301): 39. 1 Kilómetros, 45 minutos.

VILAGARCIA-MERKAMUEBLE XXX (PorCP3301): 21. 2 kilómetros, 21 minutos.

KILÓMETROS TOTALES: 106. TIEMPO TOTAL. 118 Minutos.

SEGUNDA RUTA:

ASADOS-CATOIRA(PorVrg 11): 12. 2 Kilómetros, 11 minutos.

CATOIRA-SAN LOURENZO: (PorVrg 11): 25.3 Kilómetros, 27 minutos.

SAN LOURENZO-VILAGARCIA (PorVrg 11); 35.5 Kilómetros, 38 minutos*

VILAGARCIA-MERKAMUEBLE XXX (PorCP3301): 21.2 Kilómetros, 21 minutos.

KILÓMETROS TOTALES: 94.2 TIEMPO TOTAL: 97 Minutos.

As circunstancias referidas nos propios informes sobre datos cos que se contaba, data de realización e forma de realizar as medicións (estradas ordinarias e vía rápida e respectando límites velocidade e sinais) fan perder valor a esas referencias. Unha simple máxima de experiencia sobre a consecuencia nos tempos de desprazamento de non respectar eses límites e sinais con carácter xeral por calquera usuario da vía evidencia que se poden reducir os tempos. Ademais, no caso do acusado contamos con varios datos sobre que a súa forma habitual de conducción non era como a executada polos axentes para esa verificación senón que, primeiro, era propia de quen coñecía con detalle as vías da zona pola que circulaba (e as posíbeis pistas ou vías secundarias que o propio informe advirte ao referir *sin descartar posibles alternativas menos habituales*) e, segundo, era especialmente rápida. Neste sentido declarou o axente da AmadorNUM006 que tivo que seguilo e observalo en diversas ocasións por mor doutras investigacións e que permite concluír nun tipo de conducción cando menos diferente ao respecto ás normas de tráfico. Explicou no xuízo como Porfirio coñecía e usaba vías secundarias e como circulaba a unha velocidade e cunhas formas que eran as dun condutor experimentado. No mesmo sentido declara a testemuña da propia defensa que manifesta que o observou, segundo el ese mesmo día, conducindo tan rápido que a súa descrición foi de *fostiado*. Tan rápida debía ser a velocidade que observou que declarou que, días despois, foi xunto o pai do acusado para indicarlle que o vira conducir moi rápido e que debía reducir a velocidade na estrada. Afondando na cautela coa que hai que tomar os tempos medidos cómpre indicar que se comparamos as dúas traxectorias que verificaron os axentes se comproba que elixir unha ou outra vía (só das que podemos considerar principais) xa leva a unhas diferenzas temporais moi relevantes. Por exemplo, no que se tardaba de Catoira a San Mamede de sete minutos dependendo da ruta usada. E tamén era de sete minutos no traxecto de San Mamede á entrada de Vilagarcía. A suma desas diferenzas dá un arco de tempos posíbeis moi distinta. En resumo, as medicións realizadas, unha vez aclaradas

polos axentes, non acreditan o tempo necesario para trasladarse de cada un deses puntos xeográficos aos outros. Só refiren o que levou de tempo a eses axentes na data e da forma en que o fixeron pero non o tempo que tería precisado o acusado dados os seus coñecementos, habilidades e forma de conducir. Esa proba non refuta a tese da acusación e si fai posíbel que sucedesen os feitos relatados.

Cabe aínda referir outra valoración. A versión dada pola denunciante non é refutada aínda que se atendese aos tempos que aparecen nesas medicións. Efectivamente, segundo esa versión dos feitos o acusado recolleu a denunciante en Catoira ás 8:00. Media hora despois aproximadamente estaría no parque onde sucederon os feitos. dicir, dentro da marxe das medicións realizadas que establece o tempo en 34 ou 27 minutos segundo a ruta. imposíbel reclamar á vítima precisión sobre os minutos que tardou en executarse o feito pero pódese, para os efectos deste contraste, especular cunha marxe de entre dez e quince minutos. Despois diso, segundo esas medicións, dende aí a Vilagarcía tardaría 38 minutos nunha medición e 45 noutra. É certo que o instituto da menor non se situaba no núcleo urbano de Vilagarcía senón en XXX pero a distancia entre as dúas localidades non é grande e precisamente ter que ir a esa segunda localidade supuña non ter que entrar no núcleo urbano de Vilagarcía propiamente dito. É máis, aquí cabería tamén indicar que no informe non se precisou a que punto de Catoira referían a saída polo que aparece que referían ao centro e iso suporía outra diferenza de minutos entre o medido no informe e o que puido levarlle ao acusado ese día dado que non recolleu á menor no centro senón na súa casa. Así pois os tempos de referencia poderían ser semellantes e situaría o acusado deixando á vítima sobre as 9:20 ou 9:25 aproximadamente partindo de que saíse de San Mamede ás 8:40 ou ás 8:45, nunha das rutas, e uns cinco minutos máis na outra ruta. Dende ese momento, o acusado tería uns vinte minutos para chegar ao seu lugar de traballo. Só con eses tempos resulta que o que a denunciante manifesta que sucedeu puido suceder nesas marxes pois ela refire que foi recollida ás 8:00 polo acusado e que a deixou nas proximidades do instituto de forma que ela chegou ao centro escolar antes de que fose o cambio de clase ás 9:45 ou ás 9:50 horas. De aí que poidamos afirmar que esas medicións de tempos, por si mesmas, non refutan a tese da acusación.

A defensa pretende referir tres momentos temporais para fundar a súa refutación. Un sería aquel no que sostén que o acusado foi observado no Dirección000 (sobre as 8:45 horas) pero tal feito forma parte da hipótese defensiva que pretende actuar como coartada. Despois explicaremos o motivo de rexeitar esa tese de forma máis extensa, agora cómpre destacar que non cabe ter por probado que ese día, a esa hora, o acusado estivese nese lugar (*vide* punto 5.7). O segundo sería, tamén dentro da hipótese defensiva, afirmar que o acusado foi visto ás nove e pouco pasando por outro lugar por unha testemuña, Celestino, pero tal referencia temporal non é atendíbel pois esa testemuña contradí incluso ao propio acusado sobre o momento no que di que chegou ao seu lugar de traballo. Tamén despois analizaremos esa declaración (*vide* punto 5.8). Por último, está a referencia ao momento de chegada ao seu posto de traballo que se quere situar sobre as nove e media. Novamente a referencia que dá a testemuña que sitúa tal entrada no traballo non aclara o momento temporal no que se produciu e deixa unha marxe de minutos para valorar (*vide* punto 5.9). Como indicamos, cando analicemos a hipótese da defensa volveremos sobre estes aspectos.

Outro momento relevante á hora de valorar as limitacións temporais é o referido a cando o acusado deixou a Paula. Xa explicamos antes que está fixado que a primeira clase daquel día remataba ou ás 9:45 ou ás 9:50 horas. A denunciante manifestou que o cuñado a deixou nunha rúa próxima ao seu centro escolar, dende aí, coa confusión propia do momento, tivo que ir andando ata o instituto, entrar, ir aos aseos e entrar en contacto coa súa amiga Camino. Esta testemuña referiu que recibiu un par de chamadas e SMS cando aínda estaba na primeira hora de clase. Se temos en conta que esas chamadas se producen uns minutos antes dese momento e que a denunciante baixou do coche uns minutos antes de facelas (o que lle levou ir andando ata o centro escolar), volvemos ter unha marxe temporal que, sumada á condución descrita, fai que a versión da denunciante non resulte refutada en ningún caso por eses lapsos temporais.

3.11.- Si estamos ante un relato sólido e confirmado por outras fontes de proba.

Entrando na valoración propiamente dita, un primeiro elemento a valorar é o que podemos denominar contexto de descubrimento, é dicir, como se produce a primeira manifestación pola denunciante afirmando que padecera unha agresión sexual. A primeira persoa á que lle relata o feito é á súa amiga Camino. Despois veremos como o que ela manifesta vén apoiar a credibilidade da declaración da denunciante, pero ademais xa podemos indicar a relevancia probatoria da forma en que se expón por primeira vez que sucedera a agresión. Ese primeiro momento no que a entón menor manifesta que padecera unha agresión é o mesmo día 17 pouco antes das nove da mañá e referindo que lle acababa de suceder. O relevante é que non se trata de trasladar un feito que se afirme sucedido tempo antes senón que se afirma que acaba de suceder. Tal dato reduce as posibilidades de preparación dun relato fabulado pois é difícil soste que unha menor de 17 anos preparase ese escenario. Ademais resulta que vén manifestar que tal cousa sucedera precisamente no día en que o propio acusado recoñece que non estaba no seu traballo. O normal, o que podía esperar a denunciante naquel

momento, era que o seu cuñado estivese no posto de traballo de forma tal que se o que pretendía era imputarlle falsamente un encontro con ela non é razoábel que o fixese precisamente no seu horario laboral. Así pois, xa dese dato se deduce que ela sabía que non acudiría no seu horario habitual a traballar e tal cousa podía sabelo por ter estado con el. Como veremos despois todo o comportamento inmediato dela ese día é plenamente coherente con acabar de padecer un feito como o descrito e fai pouco probábel que respondese a unha simple simulación.

Atendendo á declaración producida no xuízo nela trasladouse un relato rico en detalles e consistente na forma de expresión e no contido relatado. Hai un elemento da declaración no día do xuízo que merece ser destacado. Chamou poderosamente a atención que nun primeiro momento, convidada a un relato continuo do sucedido ese día, faino de forma detallada ata xusto o momento da agresión sexual. Cando está a relatar que chegaron ao Direccion001 fai unha descrición superficial para pasar a relatar de novo con detalle o sucedido despois. Posteriormente no mesmo interrogatorio, preguntada ao respecto, si detallou como sucedera a agresión pero é relevante que o seu primeiro impulso aparentemente espontáneo fose, precisamente, evitar ter que describir o feito da agresión. Tal reacción é absolutamente compatíbel e diríamos propia de quen está a recordar un feito traumático que non desexa verbalizar por producirlle dano. É evidente que só ese dato por si mesmo non corrobora o relato pero que apareza na forma de expresión é propio dun relato de algo vivido.

Entrando no propio relato podemos destacar que este é florido en detalles incluso secundarios. Así, por exemplo, no referido ao que lle di o seu cuñado para convencela de que subise ao coche, ou tamén en como se suceden os feitos cando detén o vehículo en San Mamede primeiro coa manipulación do teléfono dela e despois co comentario sobre a felación, os condóns ou entregarlle un camisón para que o puxese, entre outros. Con iso destacamos que é habitual no relato do vivido que, por un lado, existan detalles que normalmente quen fabula non se detén a inventar, e, por outro lado, é habitual que a memoria reteña detalles aparentemente menores (como o número de preservativos da caixa) pero que quedan fixados en situacións de estrés. Estamos, pois, ante un relato sólido e relatado con reaccións propias de quen o viviu. Iso podería non ser suficiente por si mesmo pero, como explicamos antes e pasamos a detallar, aparece confirmado por outras fontes de proba.

3.12.- A declaración que acabamos de analizar debemos relacionala, como advertimos antes, co contido da declaración de Camino. Esta persoa declara no xuízo xa en 2022. Ela mesma explica que pouco despois do 2005, pola evolución normal das relacións unha vez que deixan o centro escolar, foi perdendo relación con Paula e xa no momento de declarar practicamente non tiña ningunha dende anos atrás. A súa declaración, pois, aparece cando se produce en 2022 desligada do proceso e non cabe observar ningún interese persoal no seu resultado. Dende esa posición, describe un comportamento de Paula no momento en que ambas se xuntan que é moi significativo. Primeiro o lugar onde acode a denunciante, e onde lle pide á amiga que acuda a axudala. Ese lugar foi, dentro do centro escolar, o cuarto de baño. Nin lle pediu que agardase fóra, nin dentro do centro noutro lugar máis público. A denunciante, sen estar nunha situación de pensalo e movéndose polas necesidades emotivas do momento, procura o encontro nun espazo de acceso restrinxido a mulleres e, maioritariamente, da súa idade, é dicir, a iguais que lle permitían unha certa sensación de intimidade. En segundo lugar, a xestualidade e expresividade coa que a testemuña di que localiza a súa amiga é a propia de alguén moi afectado por un suceso recente e traumático. Estar sentada no chan e dobrada sobre si mesma cando chega a súa amiga é por si mesmo relevante. A iso súmase que cando lle comeza a relatar o sucedido (que a violou o seu cuñado) expresa a súa tensión e dor (chorando) e a procura de apoio na outra persoa (abrazándose). É ben difícil pensar que naquela altura, con 17 anos, tal comportamento fose unha simple teatralización para soste unha versión fabulada pola rapaza que sería o pretendido pola defensa. Pola contra, ese primeiro momento prodúcese cando a entón menor nin sequera decidira se llelo contaría aos seus pais, moito menos se pensaba denunciar. Nese escenario o que recorda Camino no xuízo en 2022, tras ter perdido o contacto anos atrás, é que lle dixo que o cuñado a forzara e a ameazara. Esa diferenciación é relevante pois, efectivamente, o que apareceu como relevante é que, ademais da ameaza instrumental á agresión sexual, houbo unha posterior para asegurar o silencio que polo que relata esta testemuña ou a irmá da vítima impactaron moito nela. A descrición do que a testemuña observou, como estaba a denunciante, foi detallada e precisa, pero, ao mesmo tempo, non se estendeu en detalles que a ela non lle foron relatados nese momento. A testemuña explicou que a ela non lle relatou detalles da agresión. Tal diferenza é outro signo de credibilidade da testemuña pois, de pretender só e coordinadamente coa denunciante completar o seu relato e apoiála, abofé que sería de esperar unha precisión maior. Ao mesmo tempo é signo de que a denunciante lle relatara algo vivido pois, na outra hipótese, procuraríase reforzar a súa versión xa nese momento.

É por iso que afirmamos que o observado pola testemuña é un elemento corroborador da declaración da denunciante.

3.13.- Ao anterior debemos engadir o manifestado polos axentes da Garda Civil. Lembramos que ao día seguinte dos feitos a Garda Civil foi requirida para acudir ao lugar onde sucederan os feitos guiados pola menor e a súa nai. O significativo destas declaracións é como se vai producindo a localización do lugar e as reaccións que a menor mostraba en cada espazo. En primeiro lugar, a menor non recordaba o camiño nin podía localizar con exactitude o lugar. Tal feito é coherente co manifestado por ela en relación con que non sabía onde ía cando a levaba Porfirio e, dada a súa idade e que non conducía, é razoábel que non se fixase normalmente nos camiños ou estradas empregados para chegar pois ela non conducía. Neste punto resulta indiferente se a menor estivera ou non nalgún momento anterior nese lugar pois non é estraño que unha menor de 17 anos poida non recordar con precisión un lugar e, menos estraño, que non recorde como chegou, pese a ter estado nalgunha ocasión anterior. Agora ben, se non lembrar o camiño pode ser razoábel, tamén é esperábel que cando nun lugar sucede un feito traumático si haxa elementos dese lugar que queden rexistrados con maior nitidez. Eses elementos poden non ser completos pero soen ir referidos a algún elemento, incluso aparentemente secundario, que a memoria fixou ao padecer o trauma. A inspección ocular foi realizada ao día seguinte dos feitos e nese momento si era esperábel que eses elementos concretos agromasen ao recordo ao seren observados de novo. E precisamente esa foi a reacción que describiron os axentes no xuízo cando explican o que sucede cando entran no parque. Así se expresou o garda civil P61047R que indicou que deron voltas para localizar o lugar pero ao chegar ela manifestou como e onde colocara o coche e como tirara o preservativo e a caixa. Máis claro sobre ese cambio nos records dela foi o axente E98833N que explicou que ao chegar a un punto ela comezou a indicar como chegar e a partir de aí recordaba perfectamente o lugar. Este axente destaca que no momento en que fan esa inspección ocular só pasara un día dos feitos denunciados e que dende ese momento era moi clara e indicaba con precisión o que sucedera.

Este segundo elemento é tamén corroborador do manifestado pola denunciante.

3.14.- Ao anterior debemos engadir outros tres testemuños que tamén corroboran o manifestado pola denunciante en canto relatan o comportamento dela posterior ao momento dos feitos dunha forma que é completamente coherente con ter padecido eses feitos e que, ao tempo, non aparece como compatíbel cunha estratexia de invención dunha menor de 17 anos.

En primeiro lugar, declarou a irmá da denunciante Estrella. Explicou que a súa irmá lle relatou aquel 17 de xaneiro que Porfirio a chamara falándolle de cartos que lle tiña que dar ao pai, que a levou primeiro a Rianxo e despois a outro lugar onde lle quitara o teléfono e a violara. Explicou que lle dixo que llo contara aos pais pero ela inicialmente non quería por medo aos pais e que choraba en todo momento. De novo, como no caso de Camino, o que refire esta testemuña é o que observou no mesmo día dos feitos e refire un comportamento propio de quen padeceu o feito e que, ademais, non aparece centrado en trasladar a terceiras persoas esa acusación.

En segundo lugar, aínda que menos relevante, é o declarado por Saturnino. Naquela altura tiñan algún tipo de relación el e Paula se ben, tal e como foi descrita, denomínalas como de parella ou mozos pode ser excesivo. O que el relata é que pasados uns días do 17 de xaneiro, sen el saber nada, pregúntalle a Paula como é que non a vira en espazos de ocio e ela contestoulle que fora violada polo cuñado. A conversa foi por medio de mensaxes e a información que lle deu foi só iso. Explica que a conversa non continuou máis aló pois el só respondeu que lle aconsellaba que denunciase sen que ela aclarase que xa o fixera. Dende entón non volveron ter relación. Esta declaración o que vén é confirmar que a denunciante sempre sostivo que fora violada polo seu cuñado.

En terceiro lugar, a declaración de Berta só vén sumar que un tempo despois Paula nun ámbito laboral, con varias mulleres compañeiras de traballo, reiterou esa afirmación. É certo que estas dúas últimas manifestacións non achegan por si mesmas moita información pero non podemos deixar de mencionalas como outros dous elementos que reiteran a idea de que Paula sempre mantivo esa versión dos feitos.

3.15.- Require unha análise diferenciada un elemento do relato cal é o referido ao uso dun coitelo ou navalla de certo tamaño. Reclama esa análise diferenciada a transcendencia na tipificación que analizaremos posteriormente. Xa xustificamos que nos leva a ter por probado o relato de feitos do sucedido. O uso deste instrumento na agresión é acreditado pola declaración da denunciante. Certamente non se puido localizar o obxecto concretamente usado. Que non se localizase no vehículo do acusado ao día seguinte non nega a súa presenza no momento dos feitos pois era de esperar que non o gardase no vehículo, como tampouco engade nada a este aspecto que algunhas testemuñas declarasen que non era habitual que levase o acusado eses instrumentos no coche pois o relevante é se o levou ese día. E aí é onde entendemos que, nun contexto probatorio como o que nos ocupa, é suficiente a declaración da denunciante. Agora ben, tamén é certo que non pode ela dar moitos detalles do concreto coitelo ou navalla usados e só contamos coas referencias que ten feito a que medía uns vinte centímetros de folla. Dende logo iso non sería suficiente para ter por probada unha dimensión determinada pero si para ter por probado que era un coitelo que tiña o suficiente tamaño para

provocar a impresión de que chegaba a tal dimensión. Non se trataba, pois, dun coitelo pequeno e tal dato, polo que veremos, é suficiente para os efectos de tipificación.

4. Feitos non acreditados: irrelevancia.

4.1.- No momento de valorar un cadro probatorio tamén se debe cuestionar se existe proba sobre feitos secundarios que se pode supor que concorrerían de ter sucedido o feito principal que se pretende acreditar. A ausencia de proba deses outros feitos non apoia a versión da acusación, agora ben haberá que preguntarse en cada caso se esa ausencia permite rexeitar a hipótese da acusación. Tal decisión dependerá da relación deses feitos secundarios co feito principal. En ocasións caberá dicir que é de necesidade co que a ausencia dos segundos practicamente nega a posibilidade de ter por probado o primeiro. Noutras só dun certo grao de probabilidade e terá unha influencia maior ou menor na proba do feito principal segundo cal sexa o grao.

4.2.- Neste caso a defensa destacou a ausencia de proba sobre diversos feitos secundarios que ou non foron probados ou se constatou que non concurrían. En concreto refire que se constatou que Paula non tiña lesión ningunha no día dos feitos en que foi vista polos servizos médicos, que na inspección ocular non se acreditou a presenza de ningún dos obxectos referidos por ela e que existiu un informe pericial que negou a presenza de signos psíquicos esperábeis en quen padeceu unha agresión sexual.

Ningunha desas alegacións permite excluír a hipótese que temos por probada por moito que, efectivamente, non a apoien. Noutras palabras, os feitos que se probou non concurrían (lesións) ou non se acreditou que concorresen (obxectos tirados no lugar ou un determinado cadro psíquico) non gardan unha relación de necesidade co feito que damos por probado (que se produciu a agresión) e, tal e como son as circunstancias do caso, nin sequera cabe dicir que fose probábel que aparecesen.

4.3.- O parte médico foi emitido na noite do 17 ao 18 de xaneiro de 2005 e o seu resultado expuxo que non se observaban lesións na pel, nin signos de loita ou resistencia, nin outras lesións ou signos relevantes. A presenza ou ausencia de signos físicos relacionados cunha agresión sexual será relevante só se no relato que se sostén cabe esperar a presenza deses signos físicos. Non é o caso. No presente caso manifestouse que se exerceu unha intimidación suficiente para provocar que a menor non ofrecese resistencia física e, xa que logo, a acción do agresor non tivese que producir eses signos pois a resistencia era vencida por intimidación e non por forza física. De feito o mesmo parte médico afirma *agresión sexual por parte de su cuñado con penetración vaginal, con uso de preservativo y armado con cuchillo por lo que no opuso resistencia*.

A defensa referiu nalgún momento que si se afirmara a produción de lesións polo uso do coitelo pero non se pode afirmar tal cousa das declaracións de Paula que negou tanto na denuncia como na súa declaración do 30 de marzo de 2005 que se lle producise lesión ningunha. Por outro lado, podemos aceptar que fose posíbel ou incluso probábel que dadas as dimensións do coitelo e do espazo onde se produciu a agresión resultase lesionada a vítima. Agora ben, en absoluto cabería afirmar que fose consecuencia necesaria. É perfectamente posíbel que se exhibise ese coitelo e non se producisen movementos bruscos co coitelo, precisamente polo medo producido por esa exhibición, e non se producise lesión ningunha. A iso debemos sumar as explicacións no xuízo do forense sobre a posibilidade de percepción dun *pinchazo* que non necesariamente supoñen a produción desa marca.

Non cabe afirmar que calquera outro tipo de lesións, allea ao uso do coitelo e derivada da propia agresión sexual, sexa unha consecuencia asociada de tal forma á agresión que a súa ausencia exclúa a proba da propia agresión. A ausencia non apoia a hipótese da acusación, pero tampouco a nega cando, como é o caso, o relato non supón que se desen momentos dos que esperar a produción desas lesións.

4.4.- Outro feito que a defensa apunta como excluínte da proba dos feitos é que no momento de realizar a inspección ocular non se localizase o preservativo que a menor manifestou que o autor tirara o día anterior nin a caixa cos outros dous (non usados) que tamén referiu que tirou.

Entre o momento dos feitos, sobre as oito e media da mañá do día 17 de xaneiro, e o da inspección ocular pasan máis de vinte e catro horas dun día de xaneiro e con chuvía. As hipóteses polas que eses elementos puideron deixar de estar nese lugar son variadísimas. Dende os servizos de limpeza ata o actuar dun animal ou dos propios movementos de auga, pasando pola posíbel intervención dalgún terceiro. E a todas elas aínda cabería engadir unha máis que sería a propia actuación do acusado que perfectamente, ao ter algunha noticia da reacción da súa cuñada na casa familiar, acudise de novo ao lugar. En calquera caso, regréstanos ao mesmo punto anterior e a ausencia desa proba non pode apoiar a versión da acusación pero tampouco excluíla.

4.5.- A defensa alegou tamén que a ausencia dunhas determinadas consecuencias psicolóxicas na denunciante refutaría a hipótese da acusación. Apela para considerar acreditada esa ausencia ao informe emitido por Juan Pablo e Justo con data do 12 de xullo de 2005 ademais de remitir a algunhas afirmacións do informe emitido polo forense en maio dese mesmo 2005.

Non cabe compartir a valoración realizada pola defensa por varios motivos.

En primeiro lugar, debe destacarse que neste procedemento non se emitiu informe ningún de carácter pericial que valorase a credibilidade posíbel do relato realizado pola denunciante. O que si constan son informes referidos ás circunstancias psicolóxicas da denunciante que puidesen ter relación coa produción dos feitos.

Debemos aclarar a sucesión de informes periciais emitidos nesta causa. O primeiro foi emitido o día 5 de maio de 2005 polo médico forense señor Matías. Explicaba que recoñecera a Paula. o día 30 de marzo dese ano, é dicir, o mesmo día en que se lle tomou declaración no xulgado de instrución. O informe constata con precisión e abundantes detalles o que lle foi referido sobre diversos temas e ante diversas preguntas. O seu alcance é limitado fóra desa constatación pois unicamente refire que non observa na exploración psicopatolóxica datos de patoloxía psiquiátrica que afecten á súa percepción da realidade. Máis aló diso só pode referir que ese profesional non observou datos de sintomatoloxía ansioso-depresiva a raíz do feito relatado. Esta última referencia non é explicada pois o mesmo informe advirte que o aconsellábel era o exame por un especialista en psicoloxía e aconsella a súa valoración pola psicóloga adscrita entón aos xulgados de Compostela, e, por outro lado, a realización dun estudo do testemuño.

O seguinte informe non é realizado polo Imelga e as profesionais deste sobradamente capacitadas para facelo. Foi atribuído a unha instancia externa á Administración de Xustiza, como é un departamento concreto da Universidade de Santiago de Compostela, pese a que o nome (Unidade de psicoloxía forense) poida chamar á confusión sobre a súa posición institucional. É o informe emitido por Juan Pablo e Justo.

Manifestaron no inicio que o informe tiña por obxecto a valoración psicolóxica de Paula e a realización dun estudo do testemuño. Tamén consta que, co mesmo obxecto, se realizou pericial de Porfirio. Hai que aclarar que no xuízo o señor Juan Pablo manifestou que descoñecía por que se pedira valoración deste último pero consta nas actuacións que foi el mesmo (ou o seu departamento) quen solicitou que así fose. Consta na causa que en xuño de 2005 é o departamento universitario o que chama ao xulgado de instrución para solicitar, segundo diligencia que consta no folio 289, que *a fin de poder realizar un informe completo*, o xulgado acordase o exame de Porfirio nos mesmos termos nos que se acordara para Paula. Quedou sen aclarar que podía motivar esa petición.

Ao longo de dous folios e pouco descríbese a metodoloxía que se di aplicada no caso concreto. Esa metodoloxía é referenciada cunha remisión a un sistema autoría dun dos autores do informe. En realidade, e iso tamén debe influír na valoración dun informe pericial, as referencias bibliográficas só aparecen con mención dun nome e un ano pero sen indicar a referencia completa e, desa forma, prívase o informe dun dato moi relevante para poder ponderar a aceptabilidade científica dos seus métodos e, de aí, a das súas conclusións.

En canto á metodoloxía, refírense nove ítems, pero deles, cinco (a, b, c, d e i) van referidos a entrevistas ou declaracións. Os dous primeiros (a e b) refiren que se lle tomaron dúas declaracións á paciente, o terceiro (c) a observar declaracións anteriores (suponse que as tres que constaban documentadas da denuncia, da declaración e do informe forense), o cuarto (d) a avaliar as anteriores (aquí refire o uso do sistema RM e SVA/CBCA), e o quinto (i) remite a unha entrevista psicossocial.

Seguindo coa metodoloxía, outros tres ítems refiren tres obxectos de estudo.

Un (f) é denominado *estudio clínico* e afirmase que o seu obxectivo é *controlar el posible interés de presentar un trastorno simulado o disimulación de trastorno*, e remite aos instrumentos CAQ, outra entrevista de orde clínica e SCL-90-R. O primeiro vai referido a variábeis clínicas de personalidade e o último a diagnosticar patoloxías e a entrevista tería por referencia os síntomas relatados.

O segundo (g) é denominado estudo de capacidades cognitivas e consiste, segundo se di, nun test de intelixencia.

O terceiro (h) é denominado estudo de personalidade e referido como 16PF-5 que fala dunha visión global da personalidade.

Por último, existe unha referencia que, entendemos, é unha forma de traballo con todas as demais mencións. É a referencia (e) que vén especificar, resumidamente, que o contraste dos resultados das diversas medidas e dos alcanzados de forma independente por dous avaliadores aumenta a fiabilidade de cada unha delas e do resultado alcanzado.

A partir da metodoloxía indicada debemos indicar que parte do informe que expoñemos non ten relevancia na decisión que se ten que adoptar. Efectivamente, non foi xa obxecto sequera de debate que Paula puidese ter algún tipo de patoloxía psiquiátrica que a inhabilitase para declarar ou fose determinante da valoración do seu testemuño. Así o manifestara xa o primeiro informe forense e así o viría confirmar despois o emitido no

2018. Pese á importancia dada á descrición metodolóxica, pouca relevancia ten parte do feito no que interesa no proceso.

No momento de presentar os resultados, o informe é en exceso parco nas explicacións e confuso en canto aos apartados que menciona. Tras referir a aptitude de colaboración de V., en todo momento manifesta o informe o resultado da entrevista sociodemográfica e afirma que se obtivera información sobre estilo e forma de vida e tamén sobre os feitos, pero o informe non fai constar de ningunha maneira en que consistiu esa información supostamente recollida. Só refire dous datos que son sorprendentemente sobre a vida sexual previa e allea ao feito da vítima: *que tuvo relaciones de pareja, que había mantenido relaciones sexuales previamente a los hechos denunciados y, en alguna ocasión, en un coche en una posición similar a la denunciada*. Non refire nada máis nin explica o motivo de destacar só eses datos.

Pasa entón a cinco apartados: (i) *estudio de la fiabilidad*, (ii) *estudio clínico (CAQ, SCL-90-R, entrevista clínico forense y registro conductual)*, (iii) *evaluación de la capacidades cognitivas*, (iv) *estudio de la personalidad* e (v) *análisis de las declaraciones*. A exposición é confusa cando, por exemplo, os resultados do test de intelixencia (TONI II) e os de personalidade (16PF-5) aparecen en apartados separados (iii e iv dos mencionados) sen extraer consecuencia ningunha deles e, ao mesmo tempo, cando tamén son mencionados no primeiro apartado (i). En realidade tamén o punto (ii) e os seus apartados son reiterados naquel punto (i), e o punto (v) só expón unha conclusión xa referida no primeiro sobre a pretendida inviabilidade de analizar o relato por ser pouca a información recollida. De seguro que poderá existir unha explicación, pero tamén é evidente que o informe carece de capacidade explicativa por si mesmo e no xuízo só se referiu que nas entrevistas, pese ao que afirma o informe, non houbo colaboración.

En todo caso, o informe expón no apartado (i) dos resultados (o denominado *estudio de fiabilidad*) toda unha serie de mencións a resultados psicométricos, unha mención á entrevista clínico-forense para rexeitar estratexias de simulación e á coincidencia dos resultados das diversas medidas e das opinións dos dous avaliadores. Iso aparece mesturado coas letras i) e j) dese apartado (i) co seguinte contido: *i) El estudio de la validez de las declaraciones, procedimiento SVA, pone de manifiesto que ésta no es prueba válida porque no contiene información imprescindible para ser sometida a análisis. Además, no siguen la hipótesis Undeutsch. // j) El análisis de la credibilidad del contenido de las declaraciones no es preceptivo al ser las declaraciones no válidas*. E remata coa seguinte conclusión: *En suma, de acuerdo con el protocolo de evaluación de la simulación/disimulación de Juan Pablo, AAA y Baldomero (2002), los resultados clínicos de Doña Paula son fiables y válidos, esto es, no se observan indicios de simulación de daño. Por su parte, la declaración, esto es, la denuncia, no es prueba válida*. Parece, pois, que se quería referir ese primeiro apartado, por un lado, á constatación de posíbeis estratexias da denunciante ou motivos de incapacitación para declarar, e, por outro lado, a un posíbel estudo do testemuño. No que atinxe ao primeiro problema conclúe que non existe nin esa estratexia nin esas incapacidades. No referido ao segundo problema, o informe non xustifica de xeito ningún a súa conclusión e tampouco explica como se houbo unha actitude colaboradora e foi referido o feito (segundo afirma o propio informe), non foi suficiente ou en que medida ou por que motivo non o foi.

O informe non é atendíbel no que aquí conclúe dadas as súas deficiencias expresivas e que, en todo caso, ninguén pretendeu defender no xuízo un informe de credibilidade. Debemos lembrar que no momento da denuncia V. tiña dezasete anos. Con esa idade a emisión dun informe de credibilidade é moi cuestionábel dende unha perspectiva pericial, pois os estudos realizados sobre esa materia están centrados fundamentalmente en nenos e nenas de moita menos idade sen que as condicións de emisión dun informe por quen xa está próximo á maioría de idade permitan soste conclusións rigorosas noutros casos. Ademais, nunca un informe dese tipo podería substituír a valoración por quen debe valorar os testemuños que é o órgano xudicial e non un perito. Este último pode achegar datos que auxilién na labor pero debe xustificar o motivo de concluír dunha ou outra forma. A conclusión alcanzada neste caso non pode ser aceptada. Primeiro, refire que non contén información cando existían varias declaracións previas ben provistas de datos e información. Segundo, non expón os datos cos que si contara. Terceiro, os únicos datos referidos teñen por obxecto a vida sexual previa da declarante sen explicación aparente á relevancia que se lles dá e, sobre todo, a que sexa a única referencia destacada do resultado das entrevistas. En fin, nada desta parte do informe é relevante na valoración que debemos realizar.

Máis transcendencia tería o seguinte resultado exposto pois vai referido á posíbel constancia de afeccións psicolóxicas que puidesen ter relación co feito denunciado. É aquí onde a defensa pretende localizar a proba da ausencia de síntomas que entende que deberían aparecer de ser certos os feitos. En puridade, o informe da Universidade de Santiago non aclara de forma suficiente tampouco este aspecto. A el deducimos que pretendía dedicar o que numeramos como apartado (ii) *estudio clínico (CAQ, SCL-90-R, entrevista clínico forense y registro conductual)* onde volve mencionar eses tres instrumentos pero, como no apartado anterior que xa analizamos, faino sen expor o *iter* argumentativo que lle fai chegar á conclusión que expón. A conclusión é: *de haber existido la agresión sexual denunciada no ha provocado daño psíquico*. Os motivos que dá son que os avaliadores

expoñen sucintamente que os tres instrumentos a eles non lle permitiron observar síntomas, pero sen maior explicación de cal foi o resultado do uso deses instrumentos que lles leva a tal conclusión.

Esta conclusión, así exposta, non é aceptábel, pois non dá referencia suficiente de que motiva a opinión vertida polo informe. Deses forma, xa o informe en si mesmo carece de virtualidade para que proclamemos acreditado que non se produciu unha consecuencia psíquica propia de ter padecido a agresión denunciada.

Por outro lado, non existe unha relación de necesidade entre ter padecido unha agresión sexual e un determinado cadro psicolóxico. Non existe un modelo de vítima, de forma que se non aparece acreditada a correspondencia con ese modelo de reacción caiba rexeitar a produción do feito. Cabe aceptar a concorrencia habitual duns síntomas como dato estatístico, é dicir, aceptar que un número significativo de vítimas reaccionou dunha forma. Agora ben, iso supón, por definición, que outro grupo non reaccionou deses forma e non experimentou o mesmo proceso. Por iso, que non concorran indicativos dunha determinada reacción non exclúe que o feito sucedese. En sentido inverso, a presenza de determinados síntomas pode ter relación con que sucedese un feito traumático determinado, pero tamén pode ser consecuencia doutros feitos coñecidos ou non coñecidos. Deses forma, a presenza dunha determinada sintomatoloxía pode ser coherente cun feito pero tamén pode responder a outras causas. En resumo, ao abeiro do que dicíamos anteriormente, a relación do feito obxecto da proba á que apela a defensa (síntomas psicolóxicos) e o feito típico obxecto de acusación non só non é de necesidade (de terse producido o feito teñen que aparecer eses síntomas), senón que non é sequer de alta probabilidade.

A todo o anterior debemos sumar que o informe emitido polo Imelga xa no 2018 vén confirmar as críticas ao emitido en 2005 e, ademais, achega argumentos moito máis sólidos para alcanzar unha conclusión ben dispar sobre o punto debatido.

Efectivamente, no ano 2018 o xulgado acordou a emisión dun novo informe para o que se procedeu, agora si, a designar a dúas profesionais do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga). Neste caso o obxecto do informe era definido claramente como de valoración da pegada psicolóxica que puidese constatare na denunciante.

Metodoloxicamente este informe aclara que estuda a información que consta na causa, entrevista semiestruturada realizada á denunciante (o 27 de marzo de 2019) e, como información colateral, estudo dos dous informes anteriores xa referidos e da información que consta na historia clínica presente no IANUS.

Fronte ao pouco contido explicativo do informe do 2005, as profesionais do Imelga desenvolven en varios folios todo un conxunto de datos sobre a peritada. Podemos destacar xa referencias como que *manifiesta haber recibido atención psicológica, tras los presuntos hechos denunciados, con un profesional... Expresa que dicha intervención la habría ayudado a superar ciertos comportamientos evitativos que presentaba*. Despois analizan una serie de síntomas que manifestan que foron expostos de maneira espontánea pola peritada. A nivel académico relatou que se centrara nos estudos para evitar os pensamentos ruminante que se lle presentaban sobre a agresión. Na esfera social expuña un retraemento (deixar de saír con amigos e volverse máis desconfiada). Afección na vida sexual naquel momento pero tamén a raíz da reapertura do proceso xa no 2018. Na esfera familiar describe as consecuencias da rotura durante dezoito meses das relacións coa súa irmá xemelga, muller do acusado, e a sobriña e como iso afectou aos seus pais. Igualmente explicou que despois veuse forzada a asumir contacto social co agresor pero que procuraba facelo próxima fisicamente ao seu pai e reducindo o tempo de contacto. De novo é atribuída unha frase moi significativa na lingua de expresión: *siempre tes eso aí dentro que che revolve todo*. Podemos significar que todos estas cuestións foron explicadas de forma impecable polas profesionais do Imelga na súa declaración no xuízo en que expuxeron de forma precisa como se relacionaban eses datos co posíbel padecemento dos feitos denunciados.

O informe do 2018 analiza, como información colateral ás súas propias análises, os dous informes anteriores. Para os efectos de afondar no estudo crítico do informe no que pretende apoiarse a defensa, o que foi emitido pola Unidade de psicoloxía forense da Universidade de Santiago de Compostela, cómpre reflectir como neste novo informe se fai constar a imposibilidade de obter deses Unidade documentación fundamental do realizado no 2005. Efectivamente, faise constar que en xullo de 2019 as profesionais do Imelga reclamaron dos doutores Juan Pablo e e Justo as gravacións da entrevista que se realizara no 2005 e recibiron por resposta que ao teren sido gravadas en soporte analóxico non estaban en condicións. Pedida polo Imelga entón a transcripción das entrevistas realizadas, a resposta foi que non existía ese documento e só constaba un documento de *poco más de folio y medio de extensión*. É relevante esta falta de documentación pois, como ben reflecte o informe do Imelga, as técnicas de análise, coas súas posíbeis limitacións, pasan por analizar, precisamente, declaracións que deben constar gravadas e transcritas. A ausencia deses datos fai menos sólido aínda o informe do 2005. O único que constaba realizado no 2005, fóra dunhas breves anotacións, eran as probas psicométricas. Tamén o informe de 2018 vén confirmar a primeira impresión que produce o informe da Unidade de psicoloxía forense

de 2005. En concreto chama a atención o informe do Imelga da contradición que contén o informe dos doutores Juan Pablo e Justo cando, por un lado, afirman que as declaracións non son *prueba válida porque no contiene información imprescindible*, con que tamén afirmaran que a peritada estaba orientada *afable, comunicativa y colaboradora*. A conclusión que alcanzan as profesionais do Imelga desacredita completamente o informe de 2005: *del análisis de la documentación entregada y del contenido del informe pericial se objetiva la incompleta exploración realizada a doña Paula a través de la entrevista [no 2005]*. Igualmente é compartida a crítica da extraordinaria escaseza de datos relevantes no informe do 2005 e o desconcerto polo feito de que as dúas únicas referencias concretas sexan á vida sexual previa da denunciante.

O informe do 2018 continúa na revisión crítica examinando os resultados das probas psicométricas que foron realizadas no 2005 e nas que apoiaron as súas conclusións. Tamén neste punto o informe do Imelga é moito máis completo e dá razón precisa das súas afirmacións. Así, por exemplo, refire que os resultados que puideron examinar (e que non acompañaron o informe do 2005 senón que deberon ser reclamados) no test TONI II requirían procurar o motivo de resultados dispares nas dúas probas que se realizaron e non limitarse, como fixo o informe dos doutores Juan Pablo e Justo, a asumir unha das medicións. Tamén critican o uso illado do resultado das probas psicométricas con explicacións precisas das esixencias da literatura científica que o informe do 2005 non respectou. Entra o informe do Imelga no estudo detallado que non se realizou no 2005 sobre cada unha das probas realizadas e relaciona de forma precisa cambios que se podían observar entre a situación que se derivaba desas medicións e o que a peritada refería como situación previa aos feitos do 17 de xaneiro de 2005. Especialmente relevante é a análise que realizan da afirmación do informe do 2005 de que o inventario SCL-90-R non corrobora sintomatoloxía significativa que se relacione con pegada psíquica dunha agresión sexual. Máis aló de detalles concretos do informe convén destacar, como explican as profesionais do Imelga, que de sete ítems, a peritada contestou positivamente a cinco e en catro deles cunha experimentación próxima a notábel. Tamén refiren outros ítems que claramente apuntan a padecementos psicolóxicos compatíbeis con ter sufrido unha agresión sexual. E non se trata de que se producise un cambio na información obtida no 2005 e no 2018 senón da análise máis extensa e rigorosa do que xa constaba naquel primeiro ano.

Todo o que vimos explicando, máis as explicacións dadas no xuízo na proba pericial practicada, fan que nos parezan completamente asumíbeis as conclusións do informe do Imelga do 2018 tanto respecto da crítica do informe do 2005 (de *carencias y errores* fala o informe do 2018), como respecto da existencia de pegada psíquica en V. que o informe expón así: *constatar la existencia, en aquel momento, de una huella psíquica en doña Paula, compatible con la vivencia de unos hechos como los denunciados*.

Por todo o anterior non ten a alegación da defensa a viabilidade que ela pretendía.

5. Hipótese da defensa non atendíbel

5.1.- A defensa, segundo expuxemos antes, defendeu unha hipótese diferente do realizado polo acusado ese día que actuaría a forma de coartada. Tal hipótese non tería que ser acreditada nos termos en que debe selo a da acusación pois, reiteramos o exposto ao inicio, a hipótese sometida a proba é a da acusación e non a da defensa. Chegaría con introducir unha dúbida razoábel que apoiase que o sucedido puidese ser o manifestado pola defensa para ter que recoñecer que a hipótese da acusación non estaría acreditada máis aló de toda dúbida razoábel. Iso obrigaría a non ter por acreditada a hipótese da acusación incluso no caso de considerala máis probábel que a da defensa. Non sucede así neste suposto.

5.2.- A versión da defensa é que o acusado aquel 17 de xaneiro foi levar a súa muller ao traballo en Rianxiño e dende alí acudiu ao Direccion000. O motivo dese traslado foi, nesa versión, que precisaba diñeiro por non ter ningunha liquidez e non teren cartos os seus pais aquel día para deixarlle. Coa intención de conseguir diñeiro acudiu, segundo di, á casa dunha tía nese mesmo Direccion000 pero a súa tía non lle abriu a porta polo que decidiu acudir ao banco para solicitar que lle adiantasen parte do soldo. Por iso permaneceu dende aproximadamente as 8:15 ata as 9:05 aparcado no Direccion000. A esa hora decidiu que non podía agardar máis e marchou para o seu posto de traballo.

5.3.- O acusado manifestou no xuízo oral que no ano 2005 traballaba en XXX e residía xunto coa súa muller e a súa filla na casa dos pais del no Direccion000. Explicou que tiña por costume naquela época, despois de levar a súa muller ao traballo, acudir ao cemiterio do Direccion000 para visitar a tumba dunha tía que morrera pouco antes e era como unha nai para el. Non lembraba se ese concreto día levou ou non a muller a traballar.

Ese día concreto dixo que tiña problemas de diñeiro. O motivo de precisar cartos é que non tiña nada nin para pagar o combustíbel nin a comida se tiña que comer fóra da casa. Explicou que se tiña que saír do centro de traballo para facer reparto tiña que pagar el a comida aínda que despois lla reembolsase a empresa. Manifestou que na conta non tiña diñeiro, que estaba a cero, pero despois matizou que non sabía certo se tiña ou non, pois sabía que lle ían pasar a letra do coche pero non se xa se fixera.

Ao precisar diñeiro en efectivo, di que ese día acudiu á casa da súa tía Marta no mesmo Direccion000 para pedirlle diñeiro. Di non lembrar se primeiro acudiu ao cemiterio e despois á casa da súa tía ou ao revés. Como na casa da súa tía non lle abriron, manifestou no xuízo o acusado, decidiu entón acudir ao banco. O motivo de acudir ao banco dixo que era pedir un anticipo, pois non localizara a súa tía, e a súa tía non tiña teléfono naquel momento.

Como dixemos antes, consta que realizou dúas chamadas ao teléfono de Paula ás 7:52 e 7:56 horas. Afirmou no xuízo que si chamara a unha das dúas irmás da súa muller pero que non podía lembrar a cal das dúas. Dixo que chamou para transmitir que ía ir polo banco para recoller diñeiro e que lle pagaría ao seu sogro unha débeda ao mediodía. Nesa versión dos feitos chamaba para asegurarse de que o seu sogro estaría na casa ao mediodía. Tamén afirma que nesa conversa Paula lle preguntou se non ía traballar e que el respondeu que tiña que chamar a un compañeiro de traballo para dicirlle que chegaría tarde.

Di que foi aí cando chamou a un compañeiro de traballo para advertir que chegaría tarde. Iso, dado que a chamada si está obxectivamente fixada, situaría ese momento, de terse producido así, ás 7.58 horas.

Sobre o momento no que se produce esa sucesión de chamadas di que cre lembrar que as fixo antes de pasar pola casa da súa tía pero non está seguro. Do que si di estar seguro é de que as fixo antes de ir ao banco.

Na súa versión dos feitos situouse diante do banco para esperar que abrise pero non observou chegar o director. Dixo que chegou fronte ao banco sobre as 8:20 ou 8:25 horas. Di que estivo alí agardando ata que sobre as 9:00 ou 9:05 marchou para o seu traballo, se ben pouco despois, na mesma declaración, sitúa ese momento nas 9:10 horas.

Defende que marchou ás 9:10 dado que xa chegaba moi tarde ao seu traballo.

Manifestou que ao centro de traballo (en XXX) chegou sobre as 9:25 ou 9:30 horas.

Declarou no xuízo que ese día no traballo xa non foi de ruta, é dicir, a repartir fóra do centro de traballo, por ter chegado tarde.

Tras marchar afirma que esa tarde non fixo ningunha xestión en relación cos cartos que di que precisaba e que ao día seguinte os seus pais xa tiveron liquidez para deixarlle cartos polo que xa non precisou arranxar ese problema.

5.4.- A primeira pregunta é que elementos de proba apoian esa versión dos feitos. Cando se iniciou a instrución no ano 2005 tomouse declaración a unha serie de persoas que manifestaron que observaran o acusado en diversos momentos entre, aproximadamente, as oito e media e as nove e cinco no Direccion000 co seu coche aparcado. Iso provocou o sobresemento entón das actuacións. Esas testemuñas volveron declarar no xuízo e debemos analizar o que efectivamente declararon nel. Se ben é certo que non se acudiu co rigor formal que se debería ao mecanismo do artigo 714 da LACrim para introducir no xuízo o manifestado en momentos alleos ao xuízo oral, en prol de dar completa resposta á defensa analizaremos a totalidade das súas declaracións.

5.5.- Na versión da defensa, Porfirio acudiu ao Direccion000 a tentar obter diñeiro. Con ese motivo foi á vivenda da súa tía Marta e chamou á porta pero ninguén lle abriu e el continuou ata fronte do banco. Sobre este primeiro feito declararon en instrución e no xuízo Prudencio e Marta. No día do xuízo ambos negaron lembrar nada do día 17 de xaneiro de 2005 e negaron que soubesen nada do acusado ese día. Esas afirmacións non confirman de ningunha maneira a coartada pretendida pola defensa. Chegamos á mesma conclusión acudindo ao manifestado en instrución por estas persoas, pese a que a defensa non invocou formalmente o previsto no artigo 714 da LACrim facémolo para esgotar as posibilidades potenciais da defensa. Na instrución o único que manifestou Prudencio é que escoitou o timbre ou que alguén chamaba á porta pero non abriu nin verificou quen era polo que descoñecía se fora o acusado. A súa nai, tía do acusado, só puido dicir que marchara ás oito a traballar e iso nin confirma nin desminte que o acusado estivese a esa hora aí. Agora ben si é relevante indicar que ambos manifestaron que tiñan teléfonos móbiles, que Marta explicou que dende as oito da mañá traballaba no estanco situado no mesmo Direccion000 e que nalgunha ocasión lle deixara cartos ao seu sobriño.

Efectivamente, o que si resulta relevante do declarado por estas dúas testemuñas é que expoñen que o acusado, de precisar de forma urxente diñeiro, tiña dúas formas de comunicación con eles. Unha sería chamar a un ou outro por teléfono, e a outra, acudir ao estanco (a escasos metros do lugar) onde sabía que estaba a súa tía. Non explica en ningún momento o acusado como é que non colleu ningunha desas opcións evidentes.

5.6.- Norberto declarara en instrución que observara o coche de Porfirio entre as 8:45 e as 9:00 no Direccion000 o día 17. Nese momento manifestou que lle fora preguntado pola familia o mércores seguinte aos feitos. Xa durante a instrución, cando é reaberta no 2018, matizou as súas afirmacións explicando que en realidade xa cando declarara no 2005 non estaba certo do día en que observara o coche e que foi ante as preguntas de

familiares do acusado que manifestou que fora o 17. Tal explicación nos situaría, como veremos que sucede con outras testemuñas, ante un relato que podería ser sincero pero non verdadeiro.

Efectivamente, cando alguén é cuestionado sobre un feito por quen ten un interese en que a resposta sexa unha pode provocar, de forma consciente ou inconsciente, que a persoa cuestionada tenda a manifestar aquilo que a outra desexa oír. Non se ten que tratar necesariamente dunha alteración consciente e desexada do recordo. Pode simplemente responder a mecanismos naturais de empatía e solidariedade. De aí, entre outros motivos, que as probas persoais sempre deban ser analizadas con prudencia.

Neste caso o que explicou a testemuña é que uns veciños estaban angustiados pola situación do acusado e lle pedían un recordo sobre un día concreto. A súa reacción, afirma agora, foi convencerse de que o día que o vira fora precisamente aquel que querían eses familiares. No xuízo explicou que ante as preguntas dos pais do acusado el lembrou que vira esa semana coche e os pais dixerónlle que o acusado lembraba telo visto a el o 17 polo que valorou *se el dicía que me vira pensei que sería ese día*. Despois aínda aclarou que en realidade o día que el viu o coche alí puido ser esa mesma semana que lle preguntaron ou nos quince días anteriores. Chegou a afirmar no xuízo que *o día puxérono eles*. A explicación que el deu sobre que motivou que nalgún momento manifestase que o vira o día 17 foi clara *se un veciño dixo que me viu, é veciño e non creo que mentira*. Chama tamén a atención que o acusado referise no xuízo que tivo que mover o coche para deixar pasar un veciño que identifica como empregado de Aquagest ou do Concello. Norberto era empregado desa empresa e foi a única testemuña da defensa que pode coincidir con esa descrición e, pese a iso, o que si manifesta recordar é que en ningún caso o acusado moveu o seu coche para deixalo pasar no día en que el o observou, que, polo dito, nin sequera podemos afirmar que fose o 17 de xaneiro.

Esta testemuña non permite apoiar a versión exculpatoria.

É máis, o que manifestou esta testemuña, como a outra que declarou sobre este tema e que despois analizaremos, é que viran o coche pero non ao acusado. Isto contrasta con que el, o acusado, destacase na súa declaración que el non saíra do coche. Parece que así quería dar explicación a que o empregado da entidade bancaria, que despois valoraremos, non o vise a el. Agora ben, o certo é que, dada a posición que din que tiña o coche e as circunstancias nas que supón que o viron, sorprende que ningunha das testemuñas coas que pretende a defensa acreditar que estaba no Dirección000 dentro do coche chegasen a velo a el. Iso aínda reforza máis a idea de que esas testemuñas, esta e as que pasaremos a analizar, simplemente confundiron o día en que realmente observaron o coche.

5.7.- DDD era no 2005 condutor da liña de autobuses da empresa Flora. Manifestou no 2005 en instrución que el realizou o día 17 de xaneiro o percorrido ou liña que saía de XXX ás 8:45 e pasa polo Dirección000 sobre as 8:55 horas. Afirmou entón que foi sobre esa hora ao pasar por ese lugar que observou aparcado alí o coche do acusado que coñece por ser veciño. Referiu concretamente *que el declarante conducía el autobús con dirección XXX, y tiene que dar la vuelta y volver hacia Rianxo, es así la línea*. Xa é un elemento a valorar que en realidade ás 8:55 se supón que pasaba polo Celestino en dirección a Rianxo e non a XXX. O que indica é certa confusión sobre as diversas viaxes que facía nunha mañá. Explicou tamén que a el lle preguntou a familia por ese dato o martes seguinte á detención e que comprobou os discos tacógrafos para asegurarse da resposta. No 2018 en instrución mantivo a mesma versión. No momento do xuízo oral manifestou que si vira o coche o 17 de xaneiro remitíndose de novo á primeira declaración e reiterando que verificara nos tacógrafos o sucedido ese día. No xuízo explicou tamén que el mesmo realizaba o percorrido inverso de Rianxo a XXX e tamén o facía no horario con saída ás 7:30 horas.

Esta declaración debe ser valorada de forma conxunta coa prestada por CCC que é xerente da empresa Flora de autobuses e xa traballaba nela, tamén como condutor, no 2005. Por un lado, como a documental achegada, confirman que existía un percorrido que saía de XXX ás 7:30 e chegaba a Rianxo sobre as 7:50 para regresar xa sen viaxeiros a XXX. Despois, ás 8:45 saía de novo dende XXX. En ambos casos, dende que saía de XXX pasaban uns 10 minutos, aproximados, ata que pasaba por Asados. Manifestou tamén que Miguel Everardo López lle dixera daquela, no 2005, que sabía que vira o coche nese lugar pero que non podía lembrar ben o día e dixera o 17 porque así llo preguntaron as irmás do acusado ou outros familiares.

5.8.- Celestino manifestou que el traballaba en Imo que se sitúa cerca de XXX. Dixo que o día 17 vira pasar *fostiado* a Porfirio En instrución manifestou que mirara o reloxo e que o vira *sobre las 9:00 horas pasadas*, despois naquela primeira declaración insistiu en manifestar *Que sabe fija la hora porque en ese momento miró el reloj, y eran sobre las 9:00 un poco pasadas, aproximadamente*. No xuízo oral especificou que o lugar onde el traballaba e onde estaba cando o viu pasar sitúase a escasos dous minutos do lugar de traballo do acusado en XXX.

A valoración desta declaración lévanos a poder confirmar que o acusado ese día conducía a gran velocidade, suficiente para que o seu amigo, ou coñecido, entendese que debía, ou cando menos podía, comentarlle ao

pai de Porfirio que este debía ter coidado coa velocidade á que circulaba. E tamén permite acreditar que así o facía nas proximidades do seu traballo. Que ese día 17 de xaneiro Porfirio chegou en coche ao traballo non é discutido e, xa que logo, tampouco que esta testemuña puido velo pasar. Agora ben, o dato que en absoluto podemos derivar desa declaración é a hora en que pasou por ese lugar o día 17 o acusado. As referencias da testemuña foron moi imprecisas e, como sucede noutras persoas das que declararon, segundo vimos, parece que a fixación do recordo veu determinada pola correspondencia ou coherencia coa versión defensiva do acusado naquel momento en que por primeira vez foron preguntadas as testemuñas. Non existe ningún dato que permita soste unha manipulación consciente do recordo ou do relato, pero si indicios moi poderosos que esixen que as referencias temporais contengan algún apoio para a súa fixación.

Neste caso é moi relevante que entre o lugar en que o señor Direccion000 di observar pasar o acusado e o centro de traballo deste hai moi pouca distancia, estarían a uns dous minutos. Xa que logo, non pode haber moita distancia temporal entre que o ve pasar e que chega o acusado ao traballo. Resulta que a hora de chegada ao centro de traballo afirmada polo propio acusado e pola outra testemuña dese centro de traballo, señor Direccion000, non é compatíbel con esa referencia de nove e pouco. É máis, a referencia das nove e pouco sería incluso incompatíbel co momento no que o acusado di que saíu do Gerardo pois na súa versión dos feitos iso sucedeu despois das nove e cinco aproximadamente e non podía estar ao mesmo tempo fronte ao lugar de traballo da testemuña.

5.9.- Efectivamente, a seguinte testemuña á que apela a defensa é Everardo. En instrución no 2005 manifestou que recibiu a chamada sobre as oito da mañá cando lle dixo Porfirio que chegaría tarde pero non o motivo. Dixo que o viu no traballo ás 9:30 horas, concretamente *en los muelles, en la parte de atrás*. No xuízo declarou que traballaba na mesma empresa que o acusado no 2005 e foi quen recibiu unha chamada ás oito da mañá do acusado informando que chegaría tarde. Manifestou que o teléfono que levaba con el, e ao que chamou o acusado, era o da empresa e non o persoal. Dixo recordar que o acusado aquel día chegou tarde e que el, a testemuña, o viu aquela mañá entrando pola parte de diante da empresa (normalmente facíanlo por detrás) cando a testemuña xa realizara diversas accións do seu traballo. Tamén explicou que os traballadores podían saber se ían saír do centro da empresa para reparticións ben na mesma mañá sobre as oito e media, ben chamando o día anterior, pero que efectivamente o habitual era comer fóra. O horario habitual, explicou, comezaba ás oito e media da mañá. O traballo concreto da testemuña, explicou, era cargar os camións e despois entregar na oficina as notas do día anterior. Eses labores antes de poder saír dixo que lle podían levar entre media hora e unha hora dependendo de diversos factores. Entre eles estaba se contaba con outros operarios para cargar, polo que a ausencia do acusado podía atrasalo, pois sen el non podía sacar elementos da exposición. Ademais, non usaba reloxo no traballo por ser un elemento que se podía enganchar cos saíntes das cousas que movían. En resumo, ao preguntarlle expresamente se sabe se o acusado ese día chegou ás nove e media manifesta que non pode aseguralo.

De novo estaríamos ante unha testemuña que é relevante para tentar determinar un momento temporal. De novo debemos destacar que as probas persoais deben ser miradas con cautela cando se refiren tanto á medición da duración de períodos de tempo como á indicación da hora concreta á que sucedeu algo. Ambos os recordos pódense ver afectados polo momento de percepción (é complicado ser realmente consciente do tempo que dura algo que se vive, e estamos moitas veces equivocados sobre a hora que é en cada momento, pero tamén por circunstancias posteriores (como cando se é consciente da consecuencia dunha contestación. Neste caso, o certo é que a testemuña manifestou datos dos que non cabe dubidar como que o acusado chegou tarde a traballar e por onde o viu chegar. Agora ben, recoñece que non levaba reloxo e parece que a hora na que entendeu que o vira derivaba dun cálculo que partía da tarefa que el realizaba cando viu chegar o acusado e que adoitaba facer sobre as nove e media. No xuízo aclarou que en realidade podía tardar entre media hora e unha hora e iso volvería abrir o abano posíbel a entre nove e media e dez da mañá. En resumo, esta testemuña non permite dar por probada a hipótese da defensa pois móvese nunhas marxes de tempo que son compatíbeis con esa hipótese pero tamén, polo que explicamos antes, coa da acusación.

5.10.- Analizando as probas que acabamos de expor, non se pode afirmar que a hipótese da defensa conte cun mínimo referendo probatorio. Só resta, unha vez celebrado xuízo oral, unha declaración que aínda sitúa ao acusado no Direccion000 sobre as 8:45 da mañá do día 17, que é a declaración do señor Direccion000.

Esa declaración por si soa non permite ter por probado ese feito, pois, como expuxemos anteriormente, non podemos afirmar que o recordado coincida co presenciado. Así é por, cando menos, dous elementos: por un lado, que a mesma testemuña realizou outros días ese mesmo percorrido e pode confundir o día en que observou o coche; por outro lado, realizaba o mesmo percorrido noutra hora (saíndo ás 7:30 horas de XXX e iso situaría a suposta visión do coche nun momento temporal moi diferente incluso do mesmo día. A referencia que fai a testemuña a que verificou os tacógrafos non permite probar o que puñan realmente

eses tacógrafos dese día (que ningunha parte propuxo incorporar como proba) e, en todo caso, o que nunca aclararían é se cando pasou por ese lugar estaba ou non o coche do acusado.

Aínda así habería que recoñecer que podería tal declaración suscitar hipoteticamente algunha dúbida sobre o feito concreto ao que se refire, pero non se produce ese efecto da declaración se observamos esa proba xunto ao resto de probas. Efectivamente, unha soa declaración non pode ser valorada illadamente do resto de elementos do cadro probatorio e do xuízo da coherencia da versión que parece apoiar esa declaración. Neste caso, polo que pasamos a expor, o resultado da análise disipa calquera dúbida.

5.11.- A hipótese da defensa é que o acusado acode ao Dirección000 para conseguir diñeiro por ter un problema perentorio de liquidez. Pasamos a examinar todos os elementos probados que fan incoherente e tan pouco probábel esa versión que impiden aceptala.

A versión é que o luns 17 o acusado decátase de que non ten diñeiro efectivo para sufragar os gastos do día (comida e combustíbel). Pese a iso manifesta que as dúas chamadas (ás 07:52 e 07:56) que realizou a Paula tiñan por obxecto preguntarlle a ela se o seu pai estaría na casa, por ter intención de devolverlle cartos xusto o día en que non tiña liquidez.

Tras iso afirma que acudiu á casa da súa tía para lle pedir a ela os cartos e, como non lle abriu, decidiu ir ao banco, que estaba nas proximidades. Non ten unha mínima coherencia afirmar tal cousa cando a súa tía, que xa lle tiña prestado diñeiro noutras ocasións, traballaba a esa hora no estanco precisamente do Everardo. De ter intención de pedirlle cartos e non localizala na casa, o razoábel sería acudir ao seu posto de traballo. É máis, quedou acreditado que ela e o seu fillo usaban xa teléfono móbil daquela, co que o esperábel sería ter chamado a un deles. E con maior motivo cabe esperar tal comportamento cando, como veremos, está no mesmo Everardo, segundo esa versión da defensa, durante case 45 minutos sen facer nada que non sexa agardar para falar co responsábel do banco npara tentar unha vía de obtención de liquidez bastante máis insegura e incerta.

En todo caso, afirma que acudiu ao banco pero que non chegou a entrar, pois estivo esperando a que abrise a sucursal. Aquí adquire relevancia a declaración do que era entón único traballador desa sucursal, Ricardo Everardo Núñez. Este explicou no xuízo que a oficina abría ás 8:45 e permanecía aberta ata as 14:45 horas. El chegaba, e confirmou que era puntual, sobre as 8:00 horas e xa estaba traballando no interior dende esa hora, ou pouco despois, coas luces acesas, que son perceptíbeis dende fóra. Ademais explicou o que facía antes de entrar na oficina e o motivo (necesidade de apertura retardada da caixa forte) de poder asegurar que abría antes das nove e de ter que estar un bo anaco antes. Ningún dato apunta a que ese día concreto o señor Everardo non acudise a abrir, e el confirmou que de non poder acudir el sempre acudía outra persoa da entidade. Certamente, no xuízo confundíuse sobre se o acusado era ou non titular dunha conta, sen que tal dato teña nin a máis mínima relevancia dado o espazo temporal entre os feitos e o xuízo e entre a súa relación profesional co banco e ese día de xuízo, ademais de ser un dato irrelevante en relación co feito sobre o que se lle ía preguntar.

En resumo, de ser certo que o acusado ese día tiña tan perentoria necesidade de liquidez e estaba fronte á entidade á hora que el di, non ten explicación que non tentase entrar ou chamar a atención do traballador que estaba dentro para trasladarlle a súa petición antes das nove.

Seguindo co seu relato, menos razoábel é que tras agardar todo ese tempo, que provocou que chegase tarde ao seu traballo, xusto cando non hai dúbida de que a sucursal ía abrir por comezar o horario comercial deixase o lugar sen arranxar o problema de liquidez que dicía ter. Efectivamente, o acusado manifesta que permanece no seu coche unha mañá de xaneiro durante uns corenta e cinco minutos agardando a que abra unha sucursal bancaria pero que decide marchar sobre as nove e cinco. O señor Porfirio negou que se abrixa tarde, pero aínda que así fose sempre sería cuestión de minutos. A hipótese da defensa pasa por ter por certo que xusto ese día ou ben o señor Paula non acudiu á sucursal ou ben abriu moi tarde. Ambos supostos son negados categoricamente pola testemuña e sobre ningún deles hai proba ningunha.

Aínda hai outro motivo que debilita a credibilidade desa versión. O que pretende a defensa é que ás oito da mañá dese día 17 o acusado sabía que ía chegar tarde e por iso chama ao traballo avisando de tal cousa. A esa hora, non obstante, segundo manifesta, contaba con que a súa tía podería deixarlle os cartos e, de ter sucedido así, non tería que chegar tarde. Pero, sobre todo, dende ese momento en que, di el, a súa xestión fracasa, ata o momento da detención ao día seguinte á tarde non fixo xestión ningunha para resolver ese problema acudindo xa ao día seguinte ao banco ou obtendo cartos doutra forma. Ese problema que, na súa versión, xustificaba avisar ás oito da mañá de que chegaría tarde e pouco despois situarse en espera co seu coche fronte á sucursal pero non entrar, desaparece das súas prioridades sen explicación ningunha.

5.12.- Por outro lado, ter por certa a versión da defensa, ou cando menos capaz de xerarnos dúbidas sobre a hipótese da acusación, deixa sen explicación, por incoherentes con ela, outros elementos si probados.

Así, o que si ficou acreditado, por telo manifestado Camino, é que Paula o día antes tiña intención de chegar ao instituto no bus de liña, onde se vería coa súa amiga. Non usou ese medio para chegar ao instituto, pero achegándose o final da primeira hora de clase si que está no centro. Non hai explicación de como puido a entón menor chegar ao instituto, dado que non usou o medio habitual.

Por outro lado, a denunciante manifestou que o seu cuñado avisou un compañeiro de traballo de que chegaría tarde antes de coñecer o manifestado por el e as outras dilixencias que así o puñan en evidencia. Tal dato só podía coñecerlo por ter estado presente en toda ou parte da conversa telefónica na que o acusado avisa da súa demora. O acusado tentou no xuízo dar unha explicación alternativa ao afirmar que cando chamou á súa cuñada lle comentou que avisaría no traballo de que chegaría tarde, pero certamente tal versión é pouco convincente.

Por último, como xa indicamos anteriormente, chama a atención que, de ser certa a hipótese da defensa, e xa que logo falsa a versión da denunciante, esta puidese saber o 17 de xaneiro de 2005 que o seu cuñado non acudira a traballar. Calquera día laboral o que ela podía esperar era que o seu cuñado traballase, pero aquel día pouco antes das dez da mañá xa lle relata a unha amiga que o seu cuñado estivera con ela ata pouco antes.

Estamos a falar de elementos quizais de menor relevancia pero que veñen apoiar o resto de razoamentos expostos.

5.13.- En resumo, pois, a versión exculpatoria non conta máis que cunha declaración dunha testemuña que non é sólida por si mesma para apoiala pero, sobre iso, non é unha versión minimamente coherente nin internamente (non é un comportamento razoábel o que se di que se tivo) nin externamente (en relación con outros elementos probatorios).

Por todo isto, entendemos que a versión da defensa non ten capacidade para suscitar as dúbidas razoábeis que impedirían ter por acreditada a versión da acusación por todos os razoamentos que antes explicamos.

SEGUNDO.- CUALIFICACIÓN XURÍDICA DOS FEITOS

6.1.- Os feitos declarados probados constitúen un delito de agresión sexual.

Atendendo á versión do Código penal en vigor no momento de sucederen os feitos, o artigo 178 do Código penal sancionaba coa denominación entón de “agresión sexual” calquera atentado contra a liberdade sexual doutra persoa cometida *con violencia o intimidación*. A reforma operada con entrada en vigor en decembro de 2010 variou a expresión para introducir a de *utilizando violencia o intimidación*. O artigo 179 do mesmo Código penal, que xa nomeaba o delito como “violación”, situaba as penas nun marco entre seis e doce anos de prisión cando *la agresión sexual consista en acceso carnal por vía vaginal, anal o bucal, o introducción de membros corporales u objetos por alguna de las dos primeras vías*.

O artigo 180 agravaba as penas nos casos que describía elevando o marco a unha pena de entre 12 e 15 anos de prisión cando concorresen, no que agora interesa, algunha destas circunstancias:

4. *ª Cuando para la ejecución del delito, el responsable se haya prevalido de una relación de superioridad o parentesco, por ser ascendiente, descendiente o hermano, por naturaleza o adopción, o afines con la víctima.*

5. *ª Cuando el autor haga uso de armas u otros medios igualmente peligrosos, susceptibles de producir la muerte o alguna de las lesiones previstas en los artículos 149 y 150 de este Código, sin perjuicio de la pena que pudiera corresponder por la muerte o lesiones causadas.*

Ademais, ao abeiro do apartado segundo do mesmo artigo 180 do Código penal, procedería impor a pena na súa metade superior (de trece anos e medio a quince anos) cando fosen dúas ou máis as circunstancias concurrentes das enumeradas no apartado primeiro do mesmo precepto:

2. *Si concurrían dos o más de las anteriores circunstancias, las penas previstas en este artículo se impondrán en su mitad superior.*

A reforma operada pola Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, que entrou en vigor en xuño de 2021, só afectou, do que agora analizamos, á circunstancia 4ª do artigo 180 mencionada, ao engadir a mención ao aproveitamento dunha situación de convivencia e a exclusión nese concreto apartado da referencia a descendentes.

Debemos mencionar que a redacción actualmente en vigor, unha vez aprobada a Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, non varía substancialmente a resposta que xa daba no ano dous mil cinco no que a este concreto caso interesa.

Así, no artigo 178 do Código penal na súa redacción actual consta como supostos de agresión sexual, entre outros antes designados como abuso sexual, aqueles nos que sexa empregada violencia ou intimidación. Afirma o precepto que *se consideran en todo caso agresión sexual los actos de contenido sexual que se realicen empleando violencia, intimidación...*

O artigo 179 do Código penal mantén a mesma redacción que a anterior variando só o marco penal, que pasa a ser de 4 a 12 anos e non de 6 a 12 anos como ata agora, se ben hai que indicar que as condutas agora incluídas no termo “agresión sexual” son todas as que pasou a describir o artigo 178 na súa actual redacción. En todo caso, dada a concorrencia de violencia ou intimidación, a conduta que analizamos como probada estaba e está dentro desa descrición.

O artigo 180 do Código penal mantén tamén un marco de pena agravado diverso para os supostos do artigo 178 e para os do 179. Este último pasa a ser un marco de pena de sete a quince anos de prisión. En caso de concorrer unha das circunstancias que enumera, é como ata agora, da metade superior en caso de concorrer dúas ou máis, é dicir, de once a quince anos de prisión. A anterior circunstancia cuarta pasa a ser numerada como quinta, cun cambio de redacción que afecta as relacións de superioridade (*Cuando, para la ejecución del delito, la persona responsable se hubiera prevalido de una situación de convivencia o de parentesco, por ser ascendiente, o hermano, por naturaleza o adopción, o afines, o de una relación de superioridad con respecto a la víctima*). Igualmente mantense a redacción da circunstancia quinta no que é relevante para describir o seu contido e para o caso que nos ocupa (*Cuando el responsable haga uso de armas u otros medios igualmente peligrosos, susceptibles de producir la muerte o alguna de las lesiones previstas en los artículos 149 y 150 de este Código, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 194 bis*).

6.2.- Polo dito, sen prexuízo do que despois diremos sobre individualización da pena a impor, o certo é que as condutas descritas como probadas estaban e están sancionadas no Código penal como delitos de agresión sexual agravados.

Non hai dúbida de que nos feitos probados é descrita unha conduta na que o autor empregou intimidación para agredir sexualmente a vítima e de que esa agresión consistiu nun acceso carnal non consentido.

Igualmente entendemos que os feitos descritos supoñen que o autor se valeu da relación de parentesco que o unía coa vítima. A vítima tiña entón dezasete anos de idade e o autor era o seu cuñado. É ese feito da relación familiar o que propicia que a vítima acceda a subir no coche do autor dos feitos, de maneira que de non existir esa relación moi probabelmente non tería obtido o autor a oportunidade para executar os feitos. Pero, ademais, é por mor desa relación de parentesco que a vítima, unha vez dentro do coche, cando comproba que o seu cuñado non a leva pola ruta ou ao lugar que dixerá non reacciona dunha forma defensiva máis efectiva. De ter entrado por calquera circunstancia no coche con outra persoa e verificar ese cambio cabe prever que nalgún momento da viaxe tentara abandonar o coche. Non neste caso, pois é a relación de confianza propia do parentesco a que determina que pese ao traxecto que emprendía o autor conducindo ela non reaccionase. Esa confianza á que apelamos non é a propia de quen ademais de ter un parentesco ten unha boa relación, ou cando menos unha relación neutra —pois hai indicios de que a relación entre esas persoas estaba xa danada—, pero para os efectos que analizamos iso é indiferente, pois aínda que houbera algúns enfrontamentos ou desavinzas entre as partes a relación de parentesco é a que fai que a vítima elimine ou minore os mecanismos de alarma que ante un terceiro podería ter activos. De feito, iso é o que xustifica que a simple presenza do parentesco permita aplicar un tipo agravado cando existe prevalemente dela e sen necesidade de que, ademais do parentesco, exista unha relación de confianza específica. É o parentesco mesmo, cando se aproveita na acción, o que sostén o maior desvalor. Por iso afirmamos que neste caso o autor se prevaleceu da relación de parentesco e concorre a circunstancia indicada como 4ª no apartado primeiro do artigo 180 do Código penal (numerada agora como 5ª).

Por outra banda, declarouse acreditado o uso dun coitelo ou outro obxecto semellante de considerábeis dimensións. Xa xustificamos anteriormente a motivación que nos leva a ter por probado ese feito. A partir do feito declarado probado non existe tampouco dúbida razoábel de que o usado merece a consideración de arma ou, se se quere, de medio perigoso capaz de producir a morte ou lesións graves de ser empregado contra unha persoa. A descrición do uso que xustificamos como acreditada no caso concreto dese instrumento fai evidente que foi usado durante e para a execución do feito. Que finalmente non causase as lesións que puido causar o seu uso non varía esa consideración.

6.3.- No seu escrito de cualificación a defensa incluíu, de forma subsidiaria á petición de absolución, a seguinte mención: *en todo caso, concurrirían las circunstancias que atenúan la responsabilidad criminal del 21.6 y 21.7 del CP*. Dado que esta última é a coñecida como circunstancia analóxica (referida a *cualquier otra circunstancia de análoga significación que las anteriores*), non se aclara na petición se o pretendido é a aplicación da circunstancia atenuante coñecida como de dilacións indebidas e outra diferente que non se especifica en

relación a cal sería analóxica, se se pretende a aplicación só dunha circunstancia analóxica á de dilacións indebidas ou se se pretende, ou ben a aplicación da de dilacións indebida, ou ben, subsidiariamente, unha analóxica a esa. En todo caso, polo que pasamos a expor, non cabe ningunha.

A circunstancia prevista, dende a reforma con entrada en vigor en decembro de 2010, no punto 6º do artigo 21 do Código penal aparece descrita así:

La dilación extraordinaria e indebida en la tramitación del procedimiento, siempre que no sea atribuible al propio inculpado y que no guarde proporción con la complejidad de la causa.

A atenuante referida non pretende atender ao tempo pasado dende a comisión do feito ata a condena. Non existe un dereito a ser descuberto e sancionado con rapidez. Así o indica o Tribunal Supremo en múltiples resolucións das que podemos pór como exemplo recente a do 16 de novembro de 2022 (ROJ STS 4135/2022), que advertía:

...en cuanto al inicio del cómputo del tiempo de las posibles dilaciones, no debe tomarse en cuenta la fecha de los hechos. Así la jurisprudencia por ejemplo STS 841/2015 del 30 diciembre ha declarado, que el derecho se refiere al proceso sin dilaciones no a un hipotético y exótico derecho del autor de un delito a un descubrimiento rápido tanto de la infracción penal como de su implicación en ella (STS 250/2014, de 14 de marzo). Desde la comisión del hecho hasta la incoación del proceso penal no hay afectación de derecho fundamental alguno. El cómputo comenzará cuando se adquiere la condición de imputado. Solo en ese momento se produce el padecimiento que supone estar sometido a un proceso (posibles medidas cautelares, obligación apud acta, zozobra derivada de la incertidumbre del seguimiento del proceso...) y que enlaza con la idea de pena natural, latente en la construcción dogmática de la atenuante de dilaciones indebidas. El derecho de todo imputado a ser enjuiciado en un plazo razonable no puede degenerar en un derecho de todo delincuente a ser descuberto con prontitud (STS 940/2009 de 30 de septiembre). En definitiva el conjunto de los retrasos injustificados se contraen a los producidos desde la incoación del proceso y no desde la comisión del hecho delictivo (STS. 371/2015 de 17.6).

No mesmo sentido advertía a sentenza do Tribunal Supremo do 7 de novembro de 2022 (ROJ STS 4288/2022) sobre o tempo a atender, indicando, con recordatorio doutras anteriores, que:

Primeramente hay que subrayar que el dies a quo del cómputo del periodo a valorar hay que situarlo no en el momento de la actividad delictiva como se indica en el recurso (2014), sino en el momento de inicio de las actuaciones procesales (solo desde entonces se puede hablar de tramitación del procedimiento según la expresión usada por el art. 21.6 CP), lo que, por otra parte, es congruente con el fundamento de la atenuación: compensar los padecimientos connaturales a verse sometido a un procedimiento de orden penal. No hay un derecho a que la propia actividad delictiva se descubierta con rapidez y prontitud. Sí hay un derecho a que, ya descubierta, el enjuiciamiento se realice de forma ágil y evitando retrasos injustificados. El padecimiento evitable y no evitado de ese derecho es lo que se trata de compensar (pena natural) a través de la atenuante.

O tempo que debe ser analizado, como indica a atenuante recollendo a doutrina xurisprudencial, é o de tramitación do procedemento. A defensa non indicou que períodos de tempo serían os que entende que sufriron paralización indebida e, ademais, de carácter extraordinario. Se ben iso bastaría para rexeitar unha petición tan xenérica, podemos afirmar que non existiu ningún período de paralización que mereza esas consideracións. Na mesma liña podemos mencionar a recente sentenza do Tribunal Supremo do 22 de novembro de 2022 (ROJ STS 4283/2022), que resumía a doutrina xa común ao indicar que:

Como acabamos de señalar, la ley no solo exige que haya transcurrido un tiempo que pueda considerarse extraordinario, sino que el retraso sea indebido. Para ello sería necesario examinar los aspectos de la tramitación que permitan calificar el tiempo empleado como extraordinario, en relación con el habitualmente empleado en causas similares y en relación también con la clase de diligencias que haya sido necesario practicar. Y, además, que sea un retraso indebido, en el sentido de que no pueda encontrar justificación en las características del proceso concreto, en el comportamiento del propio inculpado o en la complejidad de la causa, que puede deberse a múltiples factores.

Nada de ello es alegado por el recurrente, que se limita a referirse a la duración total del proceso, lo cual, si bien es un elemento que puede resultar trascendente en relación a las características de cada causa, no es el único al que debe atenderse.

Támén cabe destacar o que lembraba a xa antes mencionada sentenza do 16 de novembro de 2022 (ROJ STS 4135/2022), que advertía desa necesidade de indicar que períodos causaron esa dilación que se pretende indebida e extraordinaria:

Ahora bien sí existe acuerdo en que no basta la genérica denuncia del transcurso del tiempo en la tramitación de la causa, sino que se debe concretar los períodos y demoras producidas, y ello, porque el concepto "dilación

indebida" es un concepto abierto o indeterminado, que requiere en cada caso, una específica valoración acerca de si ha existido efectivo retraso (elemento temporal) y junto a la injustificación del retraso y la no atribución del retraso a la conducta del imputado, debe de determinarse que del mismo se han derivado consecuencias gravosas, ya que aquel retraso no tiene que implicar éstas de forma inexorable y su daño no cabe reparación (STS 654/2007, de 3-7; 890/2007, de 31-10, entre otras) debiendo acreditarse un específico perjuicio más allá del inherente al propio retraso.

No presente caso existen dous períodos de tempo diferentes. Un é dende que se produce a denuncia en xaneiro de dous mil cinco ata que nese mesmo ano se acordou o sobresemento das actuacións. En absoluto cabe dicir que o tempo investido naquel ano na instrución da causa fose extraordinario, senón que máis ben respondeu a unha tramitación axeitada aos tempos procesuais.

Dende o momento do sobresemento en dous mil cinco o agora condenado quedou liberado de calquera medida e puido continuar a súa vida sen influencia ningunha deste procedemento, que permanecía arquivado. Non é aceptábel que pretenda considerar o tempo pasado dende entón como unha dilación indebida no sentido de poder el reclamar unha atenuación da pena cando precisamente, e por desgraza, foi el o que se beneficiou desa decisión de sobresemento.

Posteriormente a causa permaneceu nesa situación de sobresemento ata que se acordou a apertura de novo no ano dous mil dezaioito. Dende que se produce esa nova apertura das actuacións, o Xulgado volve tomar declaración a parte das testemuñas que xa foran oídas e a outras novas. Ademais é acordado un novo informe pericial que pasaba pola obtención de información que debía ter sido documentada máis de dez anos antes, coa conseguinte tramitación de recuperación de información. Non cabe de xeito ningún pretender cualificar como dilación indebida o tempo investido nesa nova instrución, nin o que levou ata chegar ao xuízo oral e a esta sentenza.

A pretensión debe ser rexeitada.

6.4.- Dende as anteriores premisas debemos entrar agora na individualización da pena concreta. Asumimos que esa pena debe estar próxima ao grao superior das posíbeis debido á concorrencia de diversos factores. En primeiro lugar, subxectivamente, dado que a vítima contaba no momento dos feitos con dezasete anos de idade, é dicir, daquela era menor, dato este que non foi valorado ata o momento e que supón un maior desvalor da conduta. En segundo lugar, tampouco foi obxecto de valoración, e debe selo, que se procurase un lugar propicio para a execución por reducir as posibilidades de defensa da vítima. A vítima foi trasladada en coche ata San Mamede, que era un lugar con moi pouco tránsito de persoas nese momento. Ademais, o feito é executado dentro do coche e iso tamén reducía as posibilidades de fuga ou de realización eficaz de actos de defensa pola vítima. Non se trata de aplicar a agravante prevista no artigo 22 no seu segundo apartado, que non foi pedida por ningunha das acusacións, pero si de atender a un feito que influíu na execución material do delito. En terceiro lugar, antes de cometer os feitos, o autor —lembramos, o cuñado maior de idade dunha menor— atribúelle á vítima a culpa de que sucedan dicíndolle que o que ía ocorrerlle pasaba porque lle contara á súa irmá, esposa do agresor, outros feitos. Tal actuar sobre unha menor agrava o dano inferido, pois introducía un reproche que, espetado así a unha menor, podía provocarlle maiores danos dos que o feito en si xa supuña. En cuarto lugar, no momento de executar a acción obrígalle a pór unha prenda íntima (camisón) allea, tal acto introduce, sobre o que xa de por si supuña o acto, un elemento de instrumentalización da vítima para o pracer propio e de humillación que debe reflectirse na pena. En quinto lugar, tras a comisión do feito prodúcense unhas ameazas que pretenden asegurar a impunidade do autor do feito executado e que ían referidas, para o caso de denunciar, a agredir tanto á menor como a seres por ela queridos. Todos eses factores fan que entendemos que a pena que se debe impor finalmente debe estar cerca daquel límite máximo de quince anos (idéntico na actual redacción) e que optemos por impor unha pena de catorce anos de prisión.

A pena de prisión imposta obriga a impor tamén a pena de inhabilitación absoluta polo mesmo tempo de condena ao abeiro do artigo 55 do Código penal, que contempla que as penas de prisión iguais ou superiores a dez anos levarán consigo tal tipo de inhabilitación durante o tempo de condena.

6.5.- A acusación particular solicitou que ademais da pena de prisión referida fose imposta a prohibición de achegamento do condenado a Paula, ao seu domicilio, lugar de traballo ou calquera outro lugar onde se atope a menos de dous mil metros, así como a prohibición de comunicar con ela por calquera medio de comunicación ou medio informático ou telemático, contacto escrito ou verbal por tempo de vinte e cinco anos (dez máis que a pena de prisión que solicitaba); o anterior, ao abeiro do artigo 57 do Código penal en relación co 48 do mesmo texto.

O artigo 57 do Código penal na versión en vigor no momento de comisión dos feitos contemplaba que nos casos, entre outros, de condenas por delitos contra a liberdade sexual: *atendiendo a la gravedad de los hechos o al peligro que el delincuente represente, podrán acordar en sus sentencias la imposición de una o varias de las*

prohibiciones contempladas en el artículo 48, por un tiempo que no excederá de diez años si el delito fuera grave, o de cinco si fuera menos grave. Agora ben, en caso de que a condena fose a pena de prisión, como é o suposto que nos ocupa, entón establecía que: lo hará por un tiempo superior entre uno y diez años al de la duración de la pena de prisión impuesta en la sentencia, si el delito fuera grave, y entre uno y cinco años, si fuera menos grave. En este supuesto, la pena de prisión y las prohibiciones antes citadas se cumplirán necesariamente por el condenado de forma simultánea.

Ademais do anterior, o apartado segundo do artigo 57 establecía que en caso de que a condena fose por un dos delitos enumerados (entre eles, delitos contra a liberdade sexual) cometido contra quen fose, entre outros casos, irmán por afinidade, *se acordará, en todo caso, la aplicación de la pena prevista en el apartado 2 del artículo 48 por un tiempo que no excederá de diez años si el delito fuera grave, o de cinco si fuera menos grave, sin perjuicio de lo dispuesto en el párrafo segundo del apartado anterior.*

As reformas dese artigo 57 posteriores á data dos feitos non afectan ao que nos ocupa.

Dado o texto legal entendemos que procede asumir a petición da acusación particular e impor ao penado a prohibición de achegarse a Paula nos termos do artigo 48.2 do Código penal (é dicir, a prohibición é de achegarse a Paula *en cualquier lugar donde se encuentren, así como acercarse a su domicilio, a sus lugares de trabajo y a cualquier otro que sea frecuentado por ella*). Igualmente procede impor a prohibición de comunicación nos termos do artigo 48.3 do Código penal (é dicir, prohibéselle establecer con ela *por cualquier medio de comunicación o medio informático o telemático, contacto escrito, verbal o visual*).

O tempo destas prohibicións entendemos que procede situalo en oito anos por riba do tempo da pena de prisión imposta. Acudimos á proximidade do límite superior ao ter en conta que a previsión legal abre un abano moi amplo no temporal (dun a dez anos) por ter tamén un abano moi grande de posíbeis supostos de feito (todos os casos de delitos graves). Entre os casos de delitos graves entendemos que os delitos contra a liberdade sexual son especialmente graves pero, sobre todo, provocan un tipo de consecuencias nas vítimas que xustifican, quizais en maior medida que outros, que o posíbel contacto posterior do autor dos feitos con elas sexa máis potencialmente danoso para o seu benestar. Non chegamos aos dez anos que se marcan como límite superior legalmente fixado dado que neste caso é certo que pasou moito tempo xa dende os feitos e a pena de prisión en si mesma xa é moi longa, co que o momento final de hipotético cumprimento quedaría xa por si mesmo afastado aínda máis do momento dos feitos.

Cuarto.- Responsabilidade civil

7.1.- A acusación particular solicitou que se condenase en concepto de responsabilidade civil ao pagamento de cincuenta mil euros polos danos padecidos como consecuencia dos feitos.

O artigo 109 do Código penal establece a obriga de reparar os danos causados e o artigo 116 do mesmo texto impón esa obriga a todo responsábel penal, obriga que, de acordo co 110, ten como unha das súas formas a indemnización tamén dos prexuízos morais.

7.2.- É indubidábel que padecer unha agresión sexual produce danos morais, os cales, pola súa evidencia, en canto á súa propia existencia non precisan de especial proba.

Cousa diferente é a cuantificación da indemnización que corresponde en cada caso. Esa tarefa é especialmente difícil por non ser posíbel acudir a baremos que poidan abranguer as especificidades de cada caso. Ademais, somos plenamente conscientes de que o dano que produce ter sufrido unha agresión sexual non é nunca cuantificábel e de que a indemnización que se poida impor nunca poderá cubrir o dano causado, nin compensalo, nin facelo de menor entidade.

Enfrontados a esa tarefa de cuantificación, debemos destacar algúns factores xa referidos ao estudarmos a responsabilidade penal que tamén inflúen no cálculo de responsabilidade civil por seren orixe de maior dano. Así, a idade á que se padeceu a agresión (17 anos) e o feito de padecela por parte dun familiar da vítima son elementos que agravan o dano propio de calquera agresión. Neste caso, ademais, tal relación derivou na rotura de relación coa irmá da vítima nun primeiro momento, pero tras o sobresemento provisional o acusado continuou, tempo despois, coa relación co núcleo familiar e, desa forma, forzou a vítima a asumir a súa presenza continuada en eventos familiares e doutro tipo, arrastrando a negación do feito cometido e a imputación á vítima de lle ter mentido á familia. Por outra banda, debemos considerar aquí todos os elementos que explicamos con detalle na análise dos resultados das periciais realizadas. Contra o manifestado no ano 2005 no informe da Universidade de Santiago, quedou acreditado que si houbo consecuencias psicolóxicas padecidas pola vítima e que ela viu alterado o seu normal desenvolvemento en aspectos relevantes da súa vida (dende a súa vida social á súa vida sexual).

Ao mesmo tempo, a acusación particular non acreditou, fóra desas referencias que xa atendemos, consecuencias concretas, ben na saúde mental, ben na súa vida, sobre a vítima, e se ben reiteramos a relevancia e gravidade das que xa expuxemos, entendemos que non cabe asumir a totalidade da petición realizada, que, por outra banda, tampouco foi xustificada en argumentos específicos aínda que fose por referencia a outros supostos.

Por todo o anterior, entendemos ponderado fixar neste caso a contía da indemnización en trinta mil euros. Sabemos que nin esta nin outra contía satisfará nunca o mal padecido, pero a fixación dunha concreta é obriga que debemos asumir.

Quinto.- As custas procesuais enténdense impostas pola lei ás persoas criminalmente responsables de todo delito (artigos 123 do Código penal e 239 e 240 da Lei de axuizamento criminal).

Deben entenderse incluídas as da acusación particular por teren sido pedidas expresamente, non constar elementos para excluílas e si constar que hai peticións específicas desa acusación que foron asumidas nesta resolución.

Tras seren vistas as disposicións legais citadas e demais de xeral aplicación do Código penal e da Lei de axuizamento criminal,

DECISIÓN

Condenamos o acusado Porfirio, como autor dun delito de agresión sexual, á pena de catorce anos de prisión e inhabilitación absoluta durante o tempo de condena, e impómoslle así mesmo as prohibicións de se comunicar coa vítima e de se achegar a ela durante un período de vinte e dous anos.

Como **responsábel civil** condenámolo a indemnizar a Paula na cantidade de trinta mil euros, con aplicación dos xuros legais procedentes.

Condenamos tamén o acusado ao pagamento das custas procesuais causadas, incluíndo as da acusación particular.

Ratificamos a prisión do acusado como consecuencia de todo o anterior.

Para o cumprimento da pena privativa de liberdade imposta, seralle aboado ao acusado todo o tempo que estiver privado de liberdade por esta causa.

A presente resolución non é firme e contra ela cabe RECURSO DE CASACIÓN ante a Sala Segunda do Tribunal Supremo, dentro dos CINCO DÍAS seguintes ao da súa notificación.

Así, por esta nosa sentenza, da que se levará certificación ao rolo de Sala e se anotará nos rexistros correspondentes, o pronunciamos, mandamos e asinamos.